

**Resumo**

O obxectivo deste traballo é analizar as diferentes maneiras de conceptualizar en lingua galega o amencer, o atardecer e o anoitecer, entendidos como procesos naturais e como períodos temporais. Con esta finalidade, conformamos un corpus de expresións tiradas sobre todo de fontes que recollen lingua oral, e estudamos, no marco da semántica cognitiva, as diferentes motivacións subxacentes ás expresións. O traballo amosa unha considerable riqueza de expresións e dominios fonte e entre estes últimos destacan, pola súa produtividade e frecuencia, o aparente movemento do sol e a presenza / ausencia de luz. Ao mesmo tempo, a análise mostra a existencia de paralelismos destacados na conceptualización do amencer e do atardecer / anoitecer.

**Palabras clave**

Amañecer; anoitecer; galego; metáfora; metonimia; semántica cognitiva; motivación.

**Abstract**

The aim of this study is to analyse the different ways in which the Galician language conceptualises sunrise, sunset and dusk, understood as natural processes and as periods of time. For this purpose, we created a corpus of expressions drawn mainly from sources that collect oral language, and, within the framework of cognitive semantics, we studied the different motivations underlying the expressions. The study presents a considerable wealth of expressions and source domains. Due to their productivity and frequency, the most outstanding source domains are the apparent movement of the sun and the presence / absence of light. At the same time, the analysis shows the existence of prominent parallelisms in the conceptualisation of sunrise and sunset / nightfall.

**Key words**

Sunrise; nightfall; Galician; metaphor; metonymy; cognitive semantics; motivation.

Fecha de publicación: 26/08/2020

DOI: <https://doi.org/10.37536/LINRED.2020.XVII.12>

A publicación deste artigo beneficiouse dunha axuda da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia - Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ao grupo de investigación da USC Filoloxía e Lingüística Galega (Consolidación e estruturación 2017 Grupos de Referencia Competitiva ED431C 2017/34)



## 1 Introducción

### 1.1 Obxectivos e metodoloxía

O obxectivo deste artigo é estudar as fontes motivacionais que se agochan tras as denominacións que se utilizan en galego para designar tanto o momento en que aparece a luz do sol e o tempo inmediatamente anterior (período que, para simplificar, designaremos xenericamente como amencer) como o fenómeno que ten lugar nese período, así como o espazo temporal e o fenómeno natural que se sitúa entre o final da tarde e a chegada da noite, ao que nos referiremos xenericamente como atardecer / anoitecer.

A tal fin, en primeiro lugar conformamos un corpus de expresións e a continuación, clasificamos as denominacións atopadas de acordo coas bases motivacionais implicadas, tentando vincular en cada apartado as expresións empregadas para designar o amencer coas que se utilizan para denominar o atardecer / anoitecer.

O traballo aplica conceptos, postulados e estudos da semántica cognitiva e acode particularmente ás investigacións realizadas neste marco sobre a metáfora e a metonimia.

### 1.2 Estrutura do traballo

O artigo presenta a seguinte estrutura: no apartado 2 explicamos con detalle aspectos relativos á conformación do corpus (fontes, características das expresións e criterios de agrupamento ou separación destas); en 3 presentamos, clasificamos e analizamos as formas atopadas e en 4 ofrecemos as conclusións xerais do estudo. Finalmente, presentamos en anexo dúas táboas coas expresións que conforman o corpus.

## 2 Corpus de traballo

### 2.1 Fontes das expresións

Para conformar o corpus acudimos primariamente a fontes que recollen lingua oral, dado que nos interesa estudar a conceptualización popular dos fenómenos estudados. Concretamente, empregamos as seguintes:

1) *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués (TLPGP)*

Trátase dunha base de datos léxica que permite acceder a información contida en traballos (publicados ou inéditos) de léxico dialectal do galego e do portugués. No caso do galego, os traballos incluídos no TLPGP foron elaborados ou publicados nunha franxa temporal que abrangue desde os anos 20 do século XX ata a actualidade. Para conformar o corpus, analizamos todas as expresións situadas baixo o campo

semántico 1.3 (Tempo cronolóxico)<sup>1</sup> e seleccionamos aquelas que fan referencia ao amencer e ao atardecer / anoitecer<sup>2</sup>.

## 2) *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*

As enquisas para elaborar este atlas foron realizadas por tres investigadores (Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González) entre 1974 e 1977 en 167 puntos do dominio lingüístico galego. Incluímos no noso corpus as respostas que figuran nos mapas “Amencer”<sup>3</sup>, “Tarde, serán”<sup>4</sup>, “Atardecer, tardiña”, “Entre lusco e fusco”<sup>5</sup>, “Escurecer”, “Postura do sol”, “Anoitecer” e “Anoitecida, ó cerrar dá noite”<sup>6</sup>.

## 3) *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)*

As enquisas para o dominio lingüístico galego foron realizadas en 53 puntos por Aníbal Otero (axudado nalgunhas localidades por Aurelio M. Espinosa) nos anos 30 do século XX. Introducimos no corpus as

<sup>1</sup> <http://ilg.usc.es/Tesouro/gl/search#cat=&cs=1.3&loc=&mode=lema&search=thematic> [data de consulta 15/07/2019].

<sup>2</sup> Desbotamos a expresión *gina a de lugiche* ('amañecer'), por estar restrinxida a unha xerga, o barallete dos canteiros.

<sup>3</sup> Segundo se indica na nota 1 do mapa 1 "Amencer", este foi elaborado a partir dos datos obtidos para as preguntas 'sobre o día', 'contra o día', 'alba, luzada, madrugada', 'aurora, abrente, amencer' e 'levantarse o sol, raia-lo sol, abri-lo día' do cuestionario do ALGa.

<sup>4</sup> De acordo co exposto na nota 1 do mapa 4 "Tarde, serán", este mapa foi elaborado a partir dos datos da pregunta 544 'A tarde' do cuestionario do ALGa: "Nesta cuestión, recolléronse datos referidos á tarde, que é o espazo de tempo que vai desde o mediodía ata a noite, e de serán, que designa a parte do día que vai do comenzo do solpor ata que se fai noite". A pesar de que a cuestión abrangue un período temporal superior ao que nos interesa, incorporamos a totalidade das variantes presentes no mapa, pois ou ben aparecen noutros mapas do ALGa ou noutras fontes, designando claramente as últimas horas do día, ou ben teñen unha forma que amosa que o período temporal designado corresponde ás últimas horas do día (por exemplo, *serán da noite*).

<sup>5</sup> Aínda que *entre lusco e fusco*, de acordo coa definición do *Dicionario da Real Academia Galega* (en adiante DRAG, s. v. *Iusco*) e cos datos atopados nas nosas fontes, pode facer referencia tanto ás primeiras como ás últimas horas do día, consultamos con dous dos enquisadores do ALGa, que nos informaron de que nas entrevistas se preguntaba polo período vespertino. No caso de recolleren tamén respostas para o período matutino, os autores do ALGa deixaron constancia en nota.

<sup>6</sup> As respostas son de acceso libre a través dos *Índices do Atlas Lingüístico Galego*, responsabilidade de Xulio Sousa:

<http://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=amencer>

<https://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=Tarde%2C+ser%C3%A1n>

<http://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=atardecer%2C+tardi%C3%B1a>

<http://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=entre+lusco+e+fusco>

<https://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=escurecer>

<http://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=postura+do+sol>

<http://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=anoitecer>

<http://ilg.usc.es/indices/?titu=1&q=anoitecida%2C+%C3%B3+cerrar+da+noite>

Con todo, algunhas expresións, que non se representan nos mapas e só figuran no ALGa en forma de anotación, non aparecen nos índices. Nós incluímolos no Anexo (deixando constancia da súa procedencia na columna Observación), sempre e cando non sexan simples variantes fónicas das formas que se inclúen nos mapas e nos índices.

respostas correspondentes á pregunta “A madrugada”<sup>7</sup>. Non figuran no cuestionario preguntas sobre o atardecer ou o anoitecer.

4) *Léxico de los marineros peninsulares (LMP)*

En Galicia, as enquisas foron realizadas en 15 puntos da costa por Manuel Alvar, Antón Santamarina e María do Carmo Ríos Panisse<sup>8</sup> nos anos sesenta ou setenta do século XX, sempre a mariñeiros ou pescadores. As respostas que introducimos no corpus son as correspondentes ás preguntas “Alba”, “Aurora”, “Apuntar el sol”, “Salir el sol”, “Ponerse el sol”, “Atardecer” e “Crepúsculo vespertino”.

5) *Atlas léxico marinero de Asturias (ALMA)*

Incluímos as respostas recollidas nos puntos asturianos de fala galega correspondentes aos mapas “Alba”, “Aurora”, “Crepúsculo matutino”, “Crepúsculo vespertino”, “Rayar el día”, “Amanecer”, “Apuntar el Sol”, “Salir el Sol”, “Atardecer”, “Ponerse el Sol”, “Oscurecer” e “Anochecer”. A obra é da autoría de Emilio Barriuso Fernández e foi publicada en 2002. As enquisas, para as que non se indica a data de comezo, foron realizadas entre pescadores e traballadores do mar durante tres décadas, segundo se precisa na introdución (2002: 25).

6) *Atlas lingüístico de El Bierzo (ALBI)*

Introducimos as respostas ás preguntas “Amencer”, “Atardecer”, “Anoitecer” e “Alba” en puntos de fala galega. Para determinar os puntos que deberíamos incluír acudimos á liña divisoria entre galego e leonés establecida por Seco Orosa (2001: 99), aínda que, como a propia autora sinala, algunhas zonas son de transición (2001: 93). O atlas foi dirixido por Manuel Gutiérrez Tuñón e as enquisas foron realizadas por catro enquisadores na década de 1990.

7) *“Amanecer en gallego” (CG74)*

Trátase dun artigo publicado por Constantino García na revista Verba en 1974 que informa sobre as expresións empregadas en galego para denominar o amencer recollidas en 413 puntos do territorio galegofalante<sup>9</sup>.

8) *“Anochecer en gallego” (CG78)*

Catro anos máis tarde, Constantino García publicou na mesma revista os resultados para o anoitecer. No traballo non se ofrece ningunha información sobre a enquisa, pero é probable que se fixera paralelamente á anterior, de modo que habería tamén 413 puntos<sup>10</sup>.

<sup>7</sup> Estas respostas están inéditas. Agradecemoslle a Xulio Sousa a posibilidade de consultar os datos. O ALPI está en proceso de edición nun proxecto coordinado por Pilar García Mouton desde o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e no que Xulio Sousa é o coordinador para os datos do galego. Vid. <http://www.alpi.csic.es/>.

<sup>8</sup> Segundo comunicación persoal de Antón Santamarina, posto que na obra só se mencionan como enquisadores Alvar e Santamarina.

<sup>9</sup> Na p. 150 dise que as enquisas se realizaron en 414 puntos, pero na listaxe final ofrécense o nome de 413 localidades.

<sup>10</sup> En CG74 (1974: 51) o autor fala xenericamente dunha “encuesta sobre cuestiones del tiempo realizada en 414 puntos”.

Secundariamente, acudimos a outras fontes para completar o corpus con novas denominacións non atopadas nos recursos anteriores<sup>11</sup>. Estas novas fontes son:

9) *Diccionario de diccionarios (DdD)*

O *Diccionario de diccionarios* é unha colección de obras lexicográficas galegas, esencialmente dos séculos XIX e XX, algunhas inéditas ou de difícil acceso. A versión actual contén 32 diccionarios ou glosarios. Para atopar novas expresións, realizamos procuras a través de palabras das definicións, así como a través de sinónimos, pois a ferramenta de consulta ofrece ambas as opcións. En calquera caso, dado que a fiabilidade dos diferentes diccionarios que se inclúen nesta obra é diversa, descartamos algunhas expresións das que non encontramos outros testemuños, así como aquelas das que só atopamos exemplos en obras literarias<sup>12</sup>.

10) *Diccionario de fraseoloxía galega (DFG)*

O DFG é un diccionario de fraseoloxía elaborado por Carme López Taboada e Rosario Soto Arias que contén expresións extraídas de publicacións de diferente tipo ou ben da lingua oral. As obras abranguen un período moi amplo que se inicia no século XVII, pero a maior parte corresponden á época contemporánea. Empregamos os mesmos criterios selectivos sinalados para o DdD.

## 2.2 Características das expresións

- 1) Como xa indicamos en 1.1, conforman o corpus tanto expresións que fan referencia a períodos temporais (vid. a seguir o punto 2) (*cos galos, mañanciña, noitiña*) como expresións que denotan procesos e/ou resultados que teñen lugar neses períodos, designando, directa ou indirectamente, a (des)aparición do día (*abrir o día, rompida do sol, gardarse o sol*) ou a aparición da noite (*vir a noite, escurecer*).
- 2) Baixo a etiqueta “Amencer”, inclúense expresións que designan tanto o período inmediatamente anterior á saída do sol, como o momento en que este se fai visible, así como os procesos e resultados relacionados coa aparición do día. Baixo a etiqueta “Atardecer / anoitecer”, rexistramos expresións que se sitúan nun período máis amplo ca o anterior, que se estende desde o final da tarde ata o momento en que a escuridade empeza a impoñerse sobre a luz, así como as expresións que designan os procesos e resultados que teñen lugar nese período e que sinalan a desaparición do día ou a aparición da noite. Remitimos a CG74 para unha presentación detallada das diferentes fases que compoñen este espazo temporal, pero renunciamos no noso traballo a organizar as expresións de acordo con elas, pois son numerosas as que aparecen recollidas nas nosas fontes con diferentes valores temporais<sup>13</sup>.

<sup>11</sup> Non incluímos como fonte do traballo o artigo de María Sánchez Cid “Denominacións para anoitecer en galego moderno” (Sánchez Cid 2004), porque non ofrece expresións diferentes ás encontradas nos outros recursos, que utiliza como fonte en boa medida, tal e como a propia autora sinala.

<sup>12</sup> Para o emprego na literatura galega das diferentes denominacións existentes para o amencer, véxase García (2004: 26-29).

<sup>13</sup> A modo de exemplo, *serán* ou *noitiña* aparecen recollidos no ALGa nos mapas “Tarde, serán”, “Atardecer, tardiña”, “Anoitecer” e “Anoitecida, ó cerrar da noite”; *empardecer* defínese nunha obra do TLPGP como ‘irse facendo de noite’ e noutra como ‘atardecer’ etc.

**A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego**

- 3) Conforman o corpus expresións pertencentes a diferentes categorías gramaticais (sobre todo unidades con valor verbal, nominal e, en menor medida, adverbial) e ademais, con carácter monolexical ou pluriverbal (*abrir o día, anoitecer; alba, caída do sol; sobre do día*).
- 4) Inclúense no corpus expresións claramente figuradas, que responden a procesos esencialmente metafóricos e/ou metonímicos (*raiar o día, gardarse o sol*), expresións cunha designación directamente temporal onde non é doado rastrexar procesos figurativos implicados (*serán*) e outras para as que parece caber unha lectura literal (*empezar a noite*).
- 5) Entre as expresións de orixe figurada, encontramos tanto unidades sincronicamente motivadas (*nacer o día*) como expresións arbitrarias (*crepúsculo*), isto é, sen conexión, para os falantes actuais, entre forma e contido (Panther e Radden 2011: 12).
- 6) Figuran no corpus tanto expresións e acepcións de creación romance (*rompedura do sol*) como expresións e acepcións que existían antes da emerxencia do galego (*aurora*).

**2.3 Dimensión do corpus e criterios para o agrupamento / separación das expresións**

A partir das fontes citadas en 2.1 obtivemos un corpus de 179 expresións para o amencer e 147 para o atardecer / anoitecer. Debe terse en conta que para este cómputo consideramos como expresións diferentes:

- 1) as expresións verbais e as correspondentes nominais que coinciden ou comparten elementos léxicos (*anoitecer* [v] e *anoitecer* [subst.]; *abrir o día* e *abrir do día*),
- 2) as expresións con e sen modificador / complemento ou suxeito (*abrente* e *abrente do día; amañecer* e *amañecer o día*),
- 3) as expresións que comparten verbo pero difiren no suxeito ou no complemento cando estes non son sinónimos (*abrir o día* e *abrir o sol*),
- 4) as expresións con e sen verbo, cando o verbo se emprega para designar o proceso do amencer ou do atardecer / anoitecer: *mañanada* e *vir a mañanada*,
- 5) as expresións coa mesma raíz pero diferentes afixos (*alborecer* e *alborexar*), incluíndo neste grupo aqueles substantivos que só presentan variación de vogal temática e, con ela, de xénero (*escurecida* e *escurecido*<sup>14</sup>).

Contrariamente, compútanse como unha única expresión:

<sup>14</sup> Non consideramos así a forma *entre lusca* e *fusca*, que se xera no marco dun conxunto amplo de variantes fónicas (*entre lusco* e *fusco*, *entre lusque* e *fusque*, *entre lusca* e *fusca*, *entre fusque* e *fusco* etc.).

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

- 1) as variantes fónicas: *lombrigar* e *lumbrigar*<sup>15</sup>,
- 2) as formas galegas e os seus cognados en castelán: *saír o sol* e *salir o sol*<sup>16</sup>,
- 3) as formas con e sen afixos apreciativos: *alba do día* e *albiña do día*,
- 4) as formas con e sen preposición, onde a preposición serve para facer funcionar adverbialmente a expresión: *mañanciña*, *á mañanciña* e *pola mañanciña*,
- 5) as formas con variación de número: *entre lume e fume* e *entre lumes e fumes*,
- 6) as formas que difiren exclusivamente na presenza / ausencia de elementos gramaticais ou de pouca carga semántica: *entre lusco e fusco*, *entre o lusco e o fusco* e *entre lusco fusco*,
- 7) as expresións con diferente orde de compoñentes léxicos: *entre can e lobo* e *entre lobo e can*,
- 8) as formas que, tendo a mesma estrutura e imaxe, se diferencian pola presenza de variantes plenamente sinónimas: *xa se contan os cuartos* e *xa se contan os diñeiros*; *poñerse o sol* e *pórse o sol*,
- 9) as formas verbais con e sen pronome reflexivo que expresan o mesmo contido: *escurecer* e *escurecerse*.

Finalmente, cómpre sinalar que introducimos as expresións atopadas independentemente da súa maior ou menor frecuencia no territorio galegofalante, aínda que ofreceremos algún comentario ao respecto da localización ou distribución xeográfica das formas que conforman o corpus. Remitimos a CG74, CG78, Sánchez Cid (2004), aos atlas empregados como fonte e ao TLPGP para coñecer en máis detalle a distribución territorial das expresións.

O corpus completo, cos dous subcorpus, pode consultarse no Anexo, onde se indican tamén as fontes de onde se extraeu a información e onde se pode consultar a totalidade das variantes rexistradas nas fontes. Ao longo da exposición que segue, só citaremos a(s) variante(s) estándar(es) ou, de non existiren ou non estaren recollidas no corpus, as formas máis próximas ao étimo.

<sup>15</sup> Dada a dificultade de diferenciar entre un *a-* protético e o prefixo *a-* incluímos aquí os casos en que a variación afecta á presenza / ausencia dun *a-* inicial: *clarear o día* e *aclarear o día* considéranse variantes e compútanse como unha soa expresión. Tamén agrupamos as formas co prefixo *des-* e co prefixo *es-*, que frecuentemente alternan en galego.

<sup>16</sup> Téñase en conta que o galego é unha lingua con numerosas transferencias léxicas do castelán. A este respecto, vid. por exemplo, Dubert García (2005).



### 3 Análise das expresións empregadas para denominar o amencer e o atardecer / anoitecer

Neste apartado clasificamos as expresións en doce grupos de acordo coa fonte motivacional que encontramos nas denominacións atopadas. Engadimos un décimo terceiro apartado con formas puramente temporais e un décimo cuarto para incluír dúas expresións de lectura dubidosa.

Dado que existen importantes paralelismos nas formas utilizadas para designar o amencer e o atardecer / anoitecer, non levamos a cabo unha análise separada de cada período, senón que analizamos conxuntamente as correspondentes expresións baixo cada subapartado. Nalgún caso, e para non atomizar a análise, agrupamos diferentes bases motivacionais vinculadas entre si.

#### 3.1 (Des)aparición, comezo / remate, existencia e creación do día, do sol ou da noite

Existen dúas formas básicas para facer referencia ao xurdimento da mañá e da noite, construídas mediante un procedemento parasintético: *amañecer / amencer*<sup>17</sup> e *anoitecer*. A clasificación dos verbos designadores de fenómenos meteorolóxicos e de fenómenos naturais é controvertida, pero resulta frecuente a súa consideración como verbos inacusativos (vid. por exemplo, Ruwet 1989). Así, por exemplo, segundo Mendikoetxea (1999: 1607), os verbos sinalados (a autora exemplifica con *amanecer*) son verbos inacusativos de aparición que denotan eventos que se poden describir como 'cobrar existencia'. Merchán Aravid (2015: 68), pola súa banda, considéraos como verbos inacusativos incoativos (que designan un cambio de estado) focalizados na fase inicial e, daquela, ingresivos ou inceptivos: *amañecer* significa comezar a mañá e *anoitecer* comezar a noite. O carácter inceptivo do proceso faise lexicamente explícito en dúas das respostas encontradas nas preguntas do corpus, unha para o anoitecer, *empezar a noite*, e outra para amañecer, *empezada do día*, aínda que o anoitecer tamén se pode conceptualizar, minoritariamente, como o remate do día: *derramada*<sup>18</sup>.

<sup>17</sup> Segundo Corominas (1980-1991: s. v. *mañana*) e CG74 (1974: 150) as formas *amencer* e *amañecer* proceden do latín vulgar \*ADMANESCĒRE, creado mediante un procedemento parasintético sobre o adverbio latino MANE 'pola mañá', no caso de *amañecer* con cruzamento de *mañá* (aínda que cabería tamén postular unha formación romance sobre *mañá* co prefixo *a-* e o sufixo *-ecer*). Existen outras variantes derivadas do mesmo étimo, que recolleemos no Anexo. Segundo indica CG74 (1974: 151), os descendentes de \*ADMANESCĒRE están estendidos por todo o territorio galegofalante.

<sup>18</sup> Rexistramos este substantivo no DdD (concretamente no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González e posteriormente na segunda edición do *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande). Figura co valor de 'últimas horas da tarde, pouco antes do anoitecer' e exemplifícase en ambas as obras coa oración "o día vai na derramada". Exemplos similares encontramos no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), así como a estrutura *de derramada* ("indo o día de derramada"). A procura a través do buscador Google ofrécenos tamén exemplos da expresión *derramarse o día* (co valor de 'acabar o día'). Só encontramos o substantivo *derramada* co significado citado, mentres que *derramar(se)* figura no DRAG cos valores 'verter(se)' e 'estragar(se)'. Con todo, Corominas (1980-1991: s. v. *derramar*) informa dun uso en mirandés recollido por Leite de Vasconcelos co significado de 'desfacerse, disolverse': "derramöu-se la romarie". No TILG encontramos un significado similar para *derramada*: "Gráceas a Deus —aloudou unha muller que fiaba na roca— máis vale que o Carnival vaia na derramada; pois, estonces noxaban os foguetes, a fariña e as mutas palmonías que se collían!". Neste corpus tamén encontramos a expresión "derramar a paciencia" co valor de 'acabar coa paciencia'. Moi probablemente, por tras do uso que encontramos en *derramada*, debamos situar o significado de 'desfacerse, acabar'.



Contrariamente, a forma *atardecer*, que tamén rexistramos no noso corpus, non é definible como o comezo da tarde, pois designa a fase final desta. Con todo, a explicación de CG74 (1974: 94) permite manter a lectura ingresiva:

"*Tarde* fue (y sigue siendo) un adverbio que significa "fuera de tiempo, después del tiempo oportuno" y ya desde el latín clásico pasó a significar "últimas horas del día" sustantivándose como nombre femenino (al modo de *mañá*, *noite*). Ya en latín existió (se testimonia en Lucrecio, cfr. Forcellini, s. v. *tardesco*) el incoativo *tardescere* "hacerse tarde" que pasaría ya en romance a "pasar a ser las últimas horas del día", de acuerdo con el significado primitivo de tarde como "últimas horas del día". Después se sustituyen las indicaciones temporales de *vespera* y *advesperascere* por *tarde* y *tardescere*. Posteriormente, *tarde* amplía su significado al espacio de tiempo de *hora nona*, *hora sexta*, etc., hasta llegar al significado actual de "tiempo que hay desde el mediodía hasta el anochecer", pero el verbo *atardecer* mantiene su relación con el significado primitivo de *tarde* y de ahí que desde un punto de vista actual no corresponda al paralelismo de *mañá* > *amañecer* y de *noite* > *anoitecer*".

Na clasificación segundo a paráfrase semántica que establece Merchán Araid para os verbos incoativos denominais (vid. Merchán Araid 2017), o verbo *atardecer* é considerado como un verbo de conversión total (Merchán Araid 2015: 342)<sup>19</sup>. Prototípicamente, estes son verbos caracterizados por:

"La denotación de un cambio íntegro del sujeto léxico, ya que se convierte en el referente del sustantivo base y asume todas las cualidades y propiedades que caracterizan a ese referente en su plenitud y de modo permanente. Por tanto, estos verbos se corresponden con la paráfrasis CONVERTIRSE EN X, donde X es igual al referente de la base nominal. Así, se entendería que la entidad experimentante llega a ser X (estado total permanente) (Merchán Araid 2017: 45)".

No entanto, na nosa opinión os verbos que tratamos non responden a esta caracterización en virtude da súa impersonalidade sintáctica (Gómez Torrego 1992: 9), isto é, da inexistencia de suxeito léxico-sintáctico (ou se se prefire, da existencia de suxeito cero, Álvarez e Xove 2002: 87). Ao non existir suxeito, non existe tampouco un experimentador que sufra a conversión e daquela, resulta difícil manter esta interpretación. Con todo, Merchán Araid (2015: 344) sinala que "se sobrentendería un proceso de conversión de carácter abstracto en el cual se produce una evolución del día a lo largo de sus distintas fases (mañana, mediodía, tarde, noche, etc.): CONVERTIR EN TARDE"<sup>20</sup>.

Agora ben, nos poucos casos rexistrados no noso corpus en que se incorpora un argumento explícito con función Suxeito, o valor que emerxe non parece ser o de conversión: *amañecer o día*, *amañecer o sol* e *anoitecer a noite*. Se o valor fose de conversión, teríamos expresións do tipo de *\*anoitecer a tarde / o día*. Os exemplos encontrados fan máis plausible a interpretación en clave dunha simple aparición, antes ca de conversión.

<sup>19</sup> A autora considera como tal o verbo *atardecer*, pois non analiza a este respecto as formas *amanecer* e *anoecer*, que serían susceptibles (con maior motivo desde o punto de vista sincrónico) da mesma clasificación.

<sup>20</sup> É controvertida a estrutura argumental de verbos como os que estamos tratando aquí e dos meteorolóxicos, pois algúns autores consideran a existencia de argumentos internos (chuvia, noite...) e outros de argumentos externos implícitos (Fernández Soriano e Taboas 1999: 1744).

**A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego**

A través dun fenómeno de substantivación, estas formas xeran unidades nominais, que designan ben o proceso ou o resultado (1), ben o período temporal en que o devandito proceso ten lugar (2). Tales unidades poden resultar da substantivación directa do infinitivo ou dun proceso de afixación: *amañecer / amencer, amanecida; atardecer, atardecida; anoitecer, anoitecida, anoitecido*.

- (1) Bonito amencer, coa silueta da lancha... (fragmento dun comentario en blog)<sup>21</sup>.
- (2) Neste sentido é importante que, na medida dos posible [sic], evites coller o coche ao atardecer ou ao amañecer, que é cando hai maior concentración de pole (fragmento dunha reportaxe do xornal21.es)<sup>22</sup>.

Ao longo do corpus encontramos numerosos casos de substantivación mediante os procedementos indicados. Na exemplificación dos diferentes apartados combinaremos as expresións verbais e as nominais sen deternos en máis comentarios ao respecto.

Encontramos ademais nas nosas fontes outras formas que, para a expresión do amañecer, destacan tamén lexicamente a idea da aparición do día ou do sol, dúas entidades que, como comentaremos en 3.2, alternan moi frecuentemente nas expresións do corpus: *aparecer o día, apuntar o día / sol, asomar o sol e despuntar o día / sol*. A aparición do día ou do sol implica a súa existencia, *haber o sol, ser (de) día, ser sol*, mentres que a aparición do sol implica ademais a posibilidade de ser visto polo ser humano: *avistarse o sol, vérselle as barbas ao sol*. No sentido contrario, o anoitecer supón, ben a desaparición do sol, *desaparecer o sol, varrer o sol*, ben a existencia da noite, *ser (a) noite*. Como podemos comprobar, encontramos un primeiro exemplo de metáfora antropomórfica en que o corpo humano se converte en dominio fonte para a conceptualización do sol (*vérselle as barbas ao sol*), pondo de manifesto que a corporeización non escapa á conceptualización do ámbito que estamos estudando<sup>23</sup>.

Finalmente, unhas poucas expresións presentan o amañecer e o anoitecer como o resultado dun proceso de creación: *facerse de día, facerse (de) noite*.

**3.2 Movemento do día, do sol ou da noite**

Acabamos de mostrar un grupo de expresións que remiten á aparición do día para denominar o amañecer. Moitas veces esta aparición, e tamén a da noite, preséntase como o resultado dun desprazamento. Así, os galegos conciben o amañecer como a chegada ou a vinda do día (*chegar o día, vir o día*, e probablemente *abicar o día*<sup>24</sup>), mentres que o anoitecer se concibe como a vinda da noite (*vir a noite, vir da noite; entrar a noite; xunta*

<sup>21</sup> <https://www.flickr.com/photos/estanis2/4163146474> [15/07/2019].

<sup>22</sup> <https://xornal21.com/art/9370/catro-sinxelos-trucos-para-evitar-riscos-ao-volante-se-padeces-alerxia> [15/07/2019].

<sup>23</sup> "The human body is an ideal source domain, since, for us, it is clearly delineated and (we believe) we know it well" (Kövecses 2010: 18). Sobre a corporeización ou "embodiment" poden consultarse, entre outros moitos traballos, Johnson (1987), Gibbs (2006) ou Yu (2014).

<sup>24</sup> A palabra *abicar*, construída sobre *bico*, ten varios significados, pero en moitos deles fai referencia ao feito de poñer ou aparecer a punta de algo: no TLPGP aparece definida como 'asomar', 'despuntar' (as espigas) 'rematar' (o palleiro), pero tamén como 'enfilarse, poñer proa a algo onde se está chegando; entrar no porto'. Dado que os dous únicos usos de *abicar* (*abicar o día* e *abicar o sol*) se rexistran no LMP e, consecuentemente, proceden de informantes mariñeiros, consideramos que posiblemente o dominio fonte da expresión sexa o das embarcacións.

**A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego**

/ *xuntiña da noite*). Estas expresións poden concibirse como realizacións da coñecida metáfora O PASO DO TEMPO É MOVEMENTO, ou “Modelo do tempo en movemento” para Radden (2003: 236) (“The moving-time model”), e máis en concreto do modelo O PASO DO TEMPO É O MOVEMENTO DUN OBIXECTO (Lakoff 1993: 217). O día ou a noite concíbense como obxectos que se moven cara a unha zona fixa, inmóbil onde se atopa o observador humano<sup>25</sup>.

Ademais do día, o elemento que se despraza nas primeiras horas pode tamén ser o período temporal máis concreto que estamos estudando: *vir el alba*<sup>26</sup> / *a alba do día* / *a mañanada* / *o levanta*, *venir a aurora*. Con todo, dado que as formas *alba* ou *aurora* designan, ademais do período, a luz desas primeiras horas do día, tamén se podería interpretar que en tales casos as expresións fan referencia ao movemento da luz e non do tempo.

Pero noutros moitos casos, o elemento que se despraza non designa un período temporal. Son numerosas as expresións que fan referencia ao movemento do sol, que ou ben vén cara a nós, no amañecer, ou ben se afasta, nas últimas horas do día. Algúns dos verbos empregados para expresar este desprazamento do sol coinciden cos sinalados para o movemento do día ou da noite, pero a riqueza léxico-conceptual é agora moito maior, como comprobamos nos seguintes exemplos e nos que se ofrecerán nas próximas liñas: para o amencer *vir o sol* / *Lourenzo*, *vir a raíña do sol*; *abicar o sol*; para o anoitecer, *irse o sol*; *marchar(se) o sol* / *san Lourenzo*; *pasar o sol*, *pasada do sol*; *traspasar o sol*; *escurrirse o sol*<sup>27</sup>. Por suposto, a existencia destas expresións, e das que comentaremos a seguir, xustifícase polo movemento aparente que realiza o sol con respecto á terra, movemento que pode expresarse de diferentes maneiras, segundo se seleccione un ou outro aspecto ou fase do fenómeno percibido.

Así, é frecuente concibir ese desprazamento do sol ao amencer como unha saída (*saír o sol*, *salir*<sup>28</sup>, *salida do sol*, *salida*). Coherentemente, o anoitecer concíbese como a retirada ao lugar de partida: *gardarse o sol*; *meterse*, *meter(se) o sol*, *meterse o sol no buraco* / *burato*, *meterse do sol*, *metida do sol*; *recollerse o sol*; *escondese o sol*; *enterrarse o sol*.

Nótese a presenza, por baixo de expresións como estas últimas, dunha personificación (ou dunha animalización), que nos fai concibir o sol como unha entidade activa e consciente<sup>29</sup>. O mesmo ocorre talvez na

<sup>25</sup> No caso de *xunta* / *xuntiña da noite* é discutible cales son os dous elementos que se reúnen: a noite e o observador humano ou a noite e o día.

<sup>26</sup> En varias das nosas expresións encontramos o artigo *el*, variante galega do artigo definido que se rexistra nalgún punto de Galicia e en zonas do galego exterior (Fernández Rei 1990: 68).

<sup>27</sup> Na nota 9 do mapa 10c do ALGa díse que a expresión se emprega cando o sol se pon tras o mar.

<sup>28</sup> Nalgunhas das nosas fontes, especialmente no LMP, encontramos algúns verbos sen suxeito como este (ou, por exemplo, *levantar* ou *subir*). Frecuentemente, tanto noutros rexistros de tales fontes como nas restantes obras consultadas, o verbo vai acompañado de suxeito (normalmente, o sol ou o día). É probable que en realidade nalgunhas destas respostas estea implícito o uso do suxeito, pero en calquera caso nós reproducimos a expresión tal e como se rexistra nas obras.

<sup>29</sup> Kövecses (2010: 64), analizando as realizacións non lingüísticas das metáforas, sinala que “children often draw pictures that visually embody conceptual metaphors. A common metaphor (more precisely, personification) that is made use of by children is INANIMATE OBJECTS ARE PEOPLE”. O autor exemplifica coa frecuente personificación das casas nos debuxos das nenas e dos nenos, pero probablemente aínda máis frecuente é a atribución de características humanas ao sol (por exemplo, ollos, nariz e boca) nas súas representacións.



expresión *baña do día*, rexistrada entre os mariñeiros do Val Miñor, no Sur da provincia de Pontevedra, e que pode estar motivada polo reflexo do sol na auga nas primeiras horas do día, que se interpretaría como un baño. Con todo, cabe tamén outra xustificación, que comentamos en 3.7. A personificación do sol é evidente nas expresións *vir Lourenzo* e *marchar San Lourenzo* que se recollen en nota no ALGa e nas que se emprega o nome Lourenzo, co que popularmente se coñece o astro<sup>30</sup>. De acordo con Lakoff e Turner (1989: 36-37), a razón da existencia de metáforas ontolóxicas coma as que encontramos nestas expresións (O SOL É UN SER VIVO, O DÍA É UN SER VIVO) radica na metáfora de nivel xenérico EVENTOS SON ACCIÓNS, que nos leva a buscar e identificar nos eventos o mesmo rol semántico, axente, que encontramos nas accións. Nótese así mesmo a presenza en varias destas expresións dun lugar do que o sol parte e ao que o sol regresa ao chegar a noite (onde se esconde, se recolle ou se garda, da mesma maneira que o fan as persoas ou os animais). Nunha das expresións, este lugar aparece concibido explicitamente como un burato, isto é como unha abertura ou cavidade.

Con todo, o verbo máis frecuente para a expresión do atardecer / anoitecer é *poñer / pór* e os seus derivados, pois o sol, previamente ao acto de retirada, parece colocarse sobre o horizonte: *poñerse / pórse o sol, poñer / pór do sol, posta (de / do sol)*<sup>31</sup>, *postura (de / do sol), ir posto o sol, sol posto*.

Aparentemente o sol vaise elevando ou descendendo pouco e pouco con respecto á terra. Por iso, é perfectamente comprensible que tamén encontremos varias expresións que presentan explicitamente o movemento do sol como un desprazamento na liña vertical. No caso do amañecer prodúcese un movemento cara arriba (*levantarse o sol, levantar, levanta; subir*); mentres que para o atardecer / anoitecer o sentido é o contrario: *baixar o sol, beixar(se), baixada do sol; caer el sol, caída do sol; ir o sol baixo, sol baixo*.

Así mesmo, en CG74 recóllese nun punto costeiro, Porto do Barqueiro, a forma *repuntar o día* para designar o amencer. A palabra *repuntar* ten entrada en varias obras do DdD denotando o inicio da subida da marea. Desde este uso puido producirse a extensión semántica para facer referencia á subida do sol. Por outro lado, rexistramos tamén para o atardecer / anoitecer as formas *devalar* e *devalo*<sup>32</sup>, que, de acordo co DRAG, fan referencia ao cambio de fase da Lúa (de plenilunio a novilunio) (nótese que o baixar do sol produce o seu aparente decrecemento) e tamén á baixada da marea ou do mar e ao decrecemento dos ríos. Segundo Corominas (1980-1991 s. v. *valle*), procede do catalán *davallar* 'baixar'. Unha motivación similar pode estar na base do emprego de *degaxar* ('[Líquido] diminuír na súa cantidade ao ferver ou ao evaporarse', DRAG: s. v.) que, como as expresións anteriores, tamén se utiliza para facer referencia ao decrecemento dos días tras o solsticio do verán.

<sup>30</sup> Repárese en que a festividade de san Lourenzo se celebra o 10 de agosto, día en que, segundo a tradición, foi queimado nunha grella.

<sup>31</sup> Segundo CG78, *posta do sol* é a forma máis usual para designar o momento en que o sol desaparece polo horizonte. O autor recolleo en 156 puntos.

<sup>32</sup> As expresións aparecen recollidas no DdD (máis en concreto no *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez), definidas respectivamente como 'decrecer [...] el sol cuando descende hacia el ocaso' e como 'descenso del sol hacia el ocaso'. Ambas as expresións úsanse acompañadas do substantivo *sol* (*devalar o sol, devalo do sol*) e en menor medida de *día* (o *devalo do día* fai referencia máis frecuentemente ao decrecemento dos días despois do solsticio de verán). *Devalo* sen complemento designa a lúa minguante ("recolleu os allos do morteiro no devalo", exemplo do DRAG, s. v. *devalo*).

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

Nas liñas precedentes mostramos diferentes formas que expresan o movemento do sol. Agora ben, en moitos casos encontramos os mesmos tipos de desprazamento con outras formas, especialmente con *día*. Así, para o amencer atopamos a saída (*saír o día, saída da aurora*) e o movemento vertical (*levantar o día, levanta do día, día alto*); para o final do día, tamén o desprazamento vertical (*caída do día*). A este respecto, debemos sinalar, como xa adiantamos en 3.1, que é moi frecuente a alternancia de *día* e de *sol*, de xeito que se pode postular a existencia dunha relación metonímica do tipo TEMPO POR ENTIDADE (Peirsman e Geeraerts 2006: 288) en que o día está polo sol, o que daría lugar a que se lle atribuísen o mesmo tipo de desprazamentos ca a este.

A conceptualización do amencer e do anoitecer en clave de desprazamento vertical xa vén de antigo, como o demostra a existencia das formas actualmente opacas *orto* (do latín ORTUS, participio de ORIRI, 'saír os astros', pero tamén 'subir') e *ocaso* (do latín OCASSUS, de OCCIDERE, 'caer') (vid. Corominas 1980-1991 s. v. *origen* e *caer* respectivamente).

Non podemos esquecer outros elementos temporais que tamén entran en xogo nos fenómenos que estamos estudando: a noite e a tarde. Existen varias expresións que mostran un movemento ou localización na liña vertical destes dous períodos temporais: *caer a noite / tarde*<sup>33</sup>, *caer da noite / tarde, caída da noite / tarde; botarse a noite (encima / enriba); tarde / tardiña baixa, serán baixo*. En contraste con *tardiña baixa*, co mesmo valor, encontramos tamén en dous puntos a forma *tardiña alta*<sup>34</sup>. Así pois, encontraríamos aquí exemplos da conceptualización vertical da liña temporal, fronte á moito máis frecuente concepción horizontal ("temos moito tempo por diante"; "o pasado queda atrás") (Radden 2003). De acordo con varias das expresións sinaladas, a noite e a tarde desprazaríanse de arriba abaixo ata alcanzarnos ("Cando cae a noite *sobre o Parque Nacional*"<sup>35</sup>, "Botóusenos a noite encima e era hora de subir ao auditorio"<sup>36</sup>), o que se vincularía coa metáfora proposta por Lakoff e Johnson (1993: 16) OS ACONTECEMENTOS FUTUROS PREVISIBLES ESTÁN ARRIBA (E DIANTE)<sup>37</sup>. En consonancia co exposto, non debe estrañar que *caída do día* e *caída da noite*, que formalmente parecen expresións designadoras de momentos opostos do día (cf. *vir o día* e *vir a noite* ou *empezada do día* e *empezar a noite*, que si son contrarias), se vinculen co mesmo período (o final do día), dado que se sitúan en estruturas conceptuais diferentes. A primeira expresión remitiría ao aparente descenso do sol e resultaría dun uso metonímico de día por sol, mentres que a segunda se situaría no marco da metáfora O FUTURO É ARRIBA e da concepción do tempo como movemento.

<sup>33</sup> Lémbrese a xustificación exposta en 3.1 sobre a aparente contradición que supón que o caer da noite supoña a chegada desta, mentres que o caer da tarde supoña, desde a semántica actual, a súa finalización.

<sup>34</sup> *Tardiña alta* é coherente con *alta noite* ou *altas horas (da noite, da madrugada)*, en que a medida que avanza o tempo se produce unha localización máis elevada. De feito, os dicionarios rexistran *alto* co valor de '[Hora] central ou avanzada dun período temporal' (DRAG: s. v.).

<sup>35</sup> <https://cies.gal/cando-cae-a-noite-sobre-parque-nacional/> (fragmento dun blog; o destacado é noso) [15/07/2019].

<sup>36</sup> [https://infogauda.blogspot.com/2011/11/pedornes-oia\\_21.html](https://infogauda.blogspot.com/2011/11/pedornes-oia_21.html) (fragmento dun blog; o destacado é noso) [15/07/2019].

<sup>37</sup> Mellado Blanco (2012: 46) propón como expresións que son realización desta metáfora conceptual unidades fraseolóxicas do español como *estar al caer* o *echársele a alguien el tiempo encima*, moi próximas das expresións que nós ofrecemos aquí para o atardecer / anoitecer.

### 3.3 Apertura do día ou do sol e peche do día ou da noite

É tamén moi frecuente en galego a conceptualización do amañecer como unha apertura do día: *abrir o día*<sup>38</sup>, *abrir do día*, *abrente (do día)*, *abrento do día*, *abrenta*. De feito, CG74 (1974: 153) sinala que *abrir o día* é unha forma moi común, que se rexistra en 133 puntos do territorio de fala galega. En coherencia con esta conceptualización, e para cerrar o ciclo, o atardecer / anoitecer concíbese como o peche do día: *cerrar o día*, *pechar o día*, *cerrar do día*. Por que se produce esta conceptualización en clave de apertura e peche? Probablemente porque se concibe o sol como unha entidade encerrada polas noites, que se recolle ao anoitecer nunha zona profunda (lembramos expresións como *enterrarse o sol* ou *meterse o sol no buraco / burato*) e que sae ao amencer, cando o día abre. No entanto, debe sinalarse que para o proceso de apertura encontramos, minoritariamente, a presenza do substantivo *sol*: *abrir o sol*. A este respecto, xa aludimos en 3.2 á frecuente alternancia dos substantivos *día* e *sol* e á posible existencia nalgunhas expresións dunha relación metonímica, que probablemente sexa bidireccional (o día polo sol e o sol polo día). Con todo, tamén se pode concibir como motivación para esta expresión a imaxe do sol espaxando a súa luz, "abríndose" no horizonte (cf. en 3.5 *romper o sol*)<sup>39</sup>.

De maneira similar ao que ocurría coa metáfora da caída, tamén a noite pode sufrir o proceso de peche. Son numerosas as expresións que encontramos neste grupo: *cerrar / fechar / pechar a noite*, *cerrar / fechar / pechar da noite*, *cerrada*, *cerrada / cerradiña da noite*, *cerrado / cerradiño da noite*, *encerrado da noite*, *zarra da noite*, *pechos da noite*. Unha vez máis encontrámonos co aparente paradoxo de que dúas expresións que semellan designar partes opostas do día, *cerrar o día* e *cerrar a noite*, remiten (aproximadamente) ao mesmo momento do día. A explicación atópase, de novo, na coexistencia de dous marcos conceptuais diferentes. Por un lado, no caso de *cerrar o día*, atopamos o esquema cíclico ao que xa aludimos, en que o día abre e pecha, para deixar saír e para recoller o sol. Por outro lado, no caso de *cerrar a noite* concíbese a existencia dun proceso gradual de pechamento da noite en relación coa luz, proceso que conduciría á *noite cerrada* (ou *noite pecha / pechada / fecha / fechada*), isto é, a esa noite que xa non deixa pasar en absoluto a claridade: 'noite de todo, momento ou hora en que se extinguiu totalmente a luz do día' (DRAG: s. v. *noite*). Nótese, en calquera caso, que as expresións *noite* e *noite cerrada* (con todas as variantes indicadas) tamén se recollen no noso corpus como resposta ás preguntas sobre o anoitecer, pero probablemente porque están designando a fase final do correspondente proceso.

<sup>38</sup> Creemos que debemos considerar esta expresión como unha construción media anticausativa que, de acordo con Cidrás Escáneo (2003: 90), resulta dun proceso de intransitivización de verbos transitivos. No caso dos verbos *abrir* e *cerrar* (e sinónimos deste último), as marcas empregadas en galego para dar conta da intransitivización son *se* ("o paraugas abriuse", "o libro pechouse"), ou ben a marca *cerro* ("a flor abriu", "a ferida cerrou"). Para a expresión do amencer e do atardecer / anoitecer só atopamos a marca *cerro*. O argumento que atopamos nestas estruturas realiza o papel de experimentador. Segundo o autor citado (2003: 91), "a anticausativa caracterízase por presenta-lo evento dunha maneira non axentiva, como un proceso concibido como autoorixinado ou espontáneo, sen que resulte posible a reintroducción do Axente". Así pois, entendemos que debe concibirse o día como un experimentador que sofre un proceso de apertura / peche e non como un axente que leva a cabo a apertura / peche de algo.

<sup>39</sup> Máis forzada parece a interpretación do sol como un axente que abre o receptáculo en que se agocha, precisamente pola ausencia na expresión do elemento que resulta aberto. Vid. a nota anterior.

### 3.4 Ruptura do día ou do sol

O proceso do amencer pode ser expresado e conceptualizado tamén como unha ruptura do día: *romper o día, romper do día, rompida / rompidaña do día, rompedura do día, rompente (do día), rompenta (do día)*. Pero ademais encontramos tamén como suxeito o sol, a alba e a aurora: *romper o sol, rompida do sol; romper a aurora; romper a alba, romper da alba*. A presenza de *sol, aurora* e *alba*, formas estas últimas que non só designan o período temporal, senón tamén a luz do amanecer, fannos pensar como posible motivación na imaxe do sol (e metonimicamente do día) espallando a luz, "rompéndose" a través da paisaxe, como sinalabamos para *abrir o sol* en 3.3<sup>40</sup>.

### 3.5 Nacemento e morte do día ou do sol

En apartados anteriores (3.1 e 3.2) xa aludimos aos procesos de personificación (ou animalización) presentes nalgúns expresións. Atopamos outros exemplos da metáfora conceptual ontolóxica O DÍA É UN SER VIVO ou O SOL É UN SER VIVO en unidades que empregan o verbo *nacer* para o amencer e, en menor medida, o verbo *morrer* para o atardecer / anoitecer. Así, o amanecer concíbese como o nacemento do sol ou do día (*nacer o día, nacer o sol, nacer, nacer do día, nacida do día, nacida do sol, nacemento do sol*) e o atardecer / anoitecer como a súa morte (*morrer o día*), o que dará paso a un novo ciclo de vida. Unha vez máis atopamos a alternancia de *día* e *sol* nas expresións para o amencer.

### 3.6 Pequenez

É coherente coa conceptualización do amanecer como o nacemento do día, o emprego dunha forma como *mañanciña*, co diminutivo *-iño/a*, que, acompañando a substantivos, expresa, no seu significado primario, 'pequenez' (Álvarez e Xove 2002: 408). A mañá que empeza a desenvolverse é pequena (de tamaño e "idade", se supoñemos unha personificación ou animalización), do mesmo xeito que o é a noite que xorde coa caída do sol (*noitiña*). A palabra *tardiña* (e *tardita*, rexistrada no concello zamorano de Hermisende), contrariamente, fai referencia á parte final da tarde. Con todo, podemos apelar de novo ao significado primario de *tarde* ao que fixemos referencia en 3.1 ('últimas horas do día') ou ben a unha asimilación formal e semántica a partir das outras formas, que designan en ambos os casos períodos de combinación de luz e escuridade. Nótese a este respecto que, de acordo coas primeiras datacións recollidas no dicionario Houaiss, *mañanciña* é unha forma rexistrada xa no século XIII, mentres que *tardiña* e *noitiña* son máis tardías.

### 3.7 Luz e visibilidade

Un patrón metonímico recorrente é UN SUBEVENTO POLO EVENTO COMPLEXO (Kövecses 2010: 180; Peirsman e Geeraerts 2006: 290). De acordo con este tipo metonímico, seleccionamos un dos subeventos que constitúen un evento máis complexo para referirnos a este. Así, o amencer, tal e como vimos, exprésase frecuentemente a través de unidades léxicas relacionadas co aparecer do sol e co seu desprazamento, pero existen outras

<sup>40</sup> Nótese que en galego o verbo *romper* na construción media inacusativa non leva marca *se*: "o cristal rompeu".

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

expresións que seleccionan subeventos diferentes, aínda que claramente vinculados cos anteriores. Así, son moi numerosas en galego as expresións que se refiren ao amañecer a través da aparición ou da presenza de luz e aquelas outras que designan o atardecer / anoitecer facendo referencia á perda ou á inexistencia de luz.

No que respecta ao amencer, un gran número de expresións están construídas con derivados de LŪMEN, -ĪNIS 'corpo que despide luz', 'luz' (Corominas 1980-1991: s. v. *lumbre*) ou en menor medida con derivados de *luz*: *alumear (o día)*, *alumbrir*, *columbrar a mañá*, *columbrar o día*, *columbrar*, *deslumbrar o día*, *lumbrigar (o día)*, *lumbrigada*<sup>41</sup>, *relumbrar o día*, *relumbregar o día*; *lucexar o día*. Nas fontes tamén recolleemos *luz do día*, *luz da alba*, *luz da mañá* e *luzada (da mañán)* como expresións empregadas metonimicamente para designar, a través da luz característica dese momento, o período temporal correspondente ao amañecer ("Coa luzada, xa taba o Manolo na leira", TLPGP). A respecto da última forma sinalada, debe indicarse que é característica de zonas de costa, pero non exclusiva, posto que no TLPGP tamén se rexistra en Navia de Suarna, no interior de Lugo, a onde corresponde o exemplo de uso ofrecido<sup>42</sup>.

Por outro lado, pero en relación tamén coa luz, para designar o amencer encontramos nun punto do Bierzo a forma *rubianos*, variante en plural<sup>43</sup> de *rubién*, 'luz radiante en tons vermellos que tinxe as nubes no horizonte ao abrir o día ou ao atardecer, cando lles dá o sol'. Ademais, en Teo, na provincia da Coruña, localízase *barras do día* para designar o amencer, expresión motivada polas franxas de luz de diferentes tonalidades que se producen ao amencer no horizonte<sup>44</sup>. Por outro lado, rexistramos nun punto do ALGa (nota 5 do mapa 8b) *faer sombra a nariz*, probablemente en relación coa sombra que o nariz proxecta sobre a cara nesas horas do día. Finalmente, para a expresión *baña do día* podemos encontrar outra motivación diferente á sinalada en 3.2, e relacionada coa acepción do DRAG (s. v. *bañar*) 'cubrir a luz, o Sol ou a Lúa [algo]'

Outro grupo numeroso de expresións, verbais e nominais, designa o amencer, como evento ou como período, a través da claridade: *aclarar o día*, *clarear (o día)*, *esclarecer (o día)*, *esclarecido*, *esclarexar*, *clarexa*, *clara do día*, *claridá*, *día claro*. De xeito similar, encontramos varias expresións que empregan a brancura para denominar o amencer, tanto mediante derivados de *albo*, como, en moita menor medida, de *branco*: *alba*<sup>45</sup>, *alba da mañán*, *alba / albiña do día*, *albecer o día*, *albor*, *alborar*, *alborada do día*, *alborada*, *alborear (o día)*,

<sup>41</sup> De acordo con CG (1974: 155) a forma *lumbrigar* resulta dun cruzamento de *lobregar* con *lume*. Aníbal Otero, pola súa banda (consulta a través do DdD, s-v. *lumbrigar*), considera que procede de *luminare*.

<sup>42</sup> A palabra *luzada* designa tamén a pesca que se practica ao amencer (DRAG: s. v.). Pero neste caso, fronte aos que veremos en 3.10, parece producirse unha extensión metonímica que toma como punto de partida o significado vinculado co amañecer. *Luzada* 'amencer' amplíase semanticamente para designar a pesca que se realiza nese momento.

<sup>43</sup> Debe terse en conta que se trata dunha forma recollida en zona de transición entre galego e leonés, o que pode explicar a formación do plural atopada.

<sup>44</sup> A mesma expresión, co mesmo valor, pero en singular (*barra do día*) tamén se rexistra no TLPGP para o Brasil. Costa (2018: 186) ofrece a acepción que motiva o seu emprego para designar o amencer: "Claridade avermelhada que se vê no céu e que precede o romper do dia. [É porque daí já vem a «barra do dia» e fica aquele, a cor, né, aí já vem a «barra do dia» já, tá o sol já vai saí que a «barra do dia», tá claro". Por outro lado, unha cantiga galega popular recolle o uso da expresión: Ímonos tirando á casa / deixemos conversación: / veñen as barras do día / prenda do meu corazón (Cabanillas 1983: 187, cantiga 806).

<sup>45</sup> Segundo CG74 (1974: 157) é voz bastante popular, recollida en 131 puntos espallados por toda Galicia.





*alboriada, alborecear o día, alborecer (o día), albordecer o día, alborexar (o día), alborexoxo; blanca (do día), blancura do día.*

En cuarto lugar, encontramos expresións verbais e nominais vinculadas cos raios do sol e co seu brillo: *raiar (o día / o sol)*<sup>46</sup>, *raiar do día, raiolar, raia do sol, resplandor do día, aurora* (da raíz indoeuropea \*AUS-, AUSOS, 'brillar', vid. Houaiss s. v. *aurora*), *aurora del alba, aurora do día*. Probablemente tamén debemos incluír aquí as expresións construídas co verbo *riscar*, 'facen marcas longas e delgadas', en referencia aos riscos que deixan os raios no ceo: *riscar o día, riscar o sol, riscar el alba*. Nótese, unha vez máis, a alternancia de *día* e *sol*.

A expresión *dar o sol* tamén alude probablemente á luz e calor proporcionados polo astro, así como a combinación *arrear o sol*, que, segundo CG74 (1974: 155) resulta dunha "contaminación de *arraiar* con el verbo *arrear* 'pegar, dar fuerte'".

A luz crecente permite unha maior visibilidade, o que queda reflectido na existencia de expresións como *xa se contan os cuartos / diñeiros, xa se conocen ben os cuartos e xa non se pisan os sapos*, que remiten a accións que xa se poden facer ou que deixan de facerse grazas á presenza de luz. No ALGa (nota 8 do mapa 1a) aclárase que se emprega a expresión *inda non se conocían os cuartos*, cando aínda non rompeu o día e *xa se conocían ben os cuartos* despois do amencer.

Contrariamente ao que sucede co amañecer, a noite exprésase e conceptualízase a través da perda de luz e da súa ausencia, isto é, a través da escuridade: *escurecer* (verbo e substantivo), *escurecer o día, escurecida, escurecido, escurada, facer escuro, quedar a escuras, tar a noite moi escura; fusco*<sup>47</sup> e *anobreguecer*, probablemente unha variante popular de *alobreguecer*, derivado de *lóbrego*.

Se no caso do amencer, a cor de referencia é o branco, para designar as últimas horas do día emprégase a cor parda: *apardecer* (substantivo e verbo), *empardecer* (substantivo e verbo), *empardecer o día, empardecida, espardecer, pardear*. Nun punto de Galicia (Fisterra), encontramos tamén a referencia a este momento do día a través dunha cor semellante á da tinta (*aguatinta*), pero na lenda do mapa (nota 3 do mapa 7 do ALGa) sinálase que a voz designa a tardiña no mar.

Finalmente, tamén podemos incluír neste grupo as expresións *nebrafusco* e *noubra e fusco*, en que os primeiros elementos (*nebra* e *noubra*<sup>48</sup>) son variantes de *néboa* e poden relacionarse, daquela, coa escaseza de visibilidade.

Malia que a presenza de luz se vincula primariamente co amencer e a súa ausencia co atardecer / anoitecer, non podemos esquecer que nos encontramos en momentos de transición (da escuridade á luz e da luz á escuridade, respectivamente). Isto determina que puntualmente poidamos encontrar formas que remiten ao amañecer a través da escuridade e, no sentido contrario, que se refiren ao atardecer / anoitecer por medio da

<sup>46</sup> CG74 (1974: 154) sinala que *raiar o sol*, recollida en 120 puntos, é unha das expresións máis frecuentes.

<sup>47</sup> 'Escuro, sombrío, que tira a negro' (DRAG: s. v.).

<sup>48</sup> A forma *noubra* non se recolle nos dicionarios, pero si *neubra* (DdD).

luz. Exemplos do primeiro caso encontrámolos na forma plenamente opaca *crepúsculo* (procedente de CREPER 'escuro', cun alomorfo do sufixo latino –CULUM, empregado cun valor atenuativo, Tuttle 1975: 15), voz que aparece nas nosas fontes orais só co valor de amañecer e que existía no latín para expresar tanto o amañecer como o atardecer / anoitecer (*crepusculum matutinum* e *crepusculum vespertinum*) (Izquierdo Guzmán 1992: 65). Outro exemplo teríámolo no verbo *lobreguecer*, cuxo uso para denominar o amencer chama a atención ao tratarse dun derivado incoativo de *lóbrego*, e designar, en consecuencia, o paso a un estado de maior escuridade. Dado que a voz tamén designa o anoitecer (temos rexistrada a variante *anobreguecer* con ese valor) e, dado que, tal e como comentaremos a seguir, existen algunhas expresións que se empregan para designar ambos os períodos, é posible que tivera lugar unha extensión no uso da forma, con seguridade desmotivada para os falantes, para facer referencia ao momento de mestura de luz e escuridade que tamén ten lugar nas primeiras horas do día. Outra forma rexistrada co mesmo valor ca *lobreguecer* é *lobregar*, pero neste caso cabe tamén outra motivación, tal e como se comentará en 3.8. Finalmente, a expresión *noubra e fusco*, que acabamos de comentar en relación coa expresión do atardecer / anoitecer, tamén se rexistra nun punto do ALGa para designar o momento previo á chegada do día.

Con respecto ao emprego da luz para facer referencia ao atardecer / anoitecer, rexistramos tres exemplos, dous no ALGa e o terceiro no ALBI. O primeiro atopámolo no concello de Pontedeume, onde se recolle a forma *craror* como resposta á pregunta 'entre lusco e fusco', en referencia probablemente aos resplandores do sol no final do día. O segundo exemplo é a forma *lusco*, recollido no concello de Vila de Cruces, que talvez podería ter a súa orixe nun acurtamento de *luscofusco* ou formas similares, moito máis frecuentes ca *lusco* (vid. o seguinte apartado). Finalmente, encontramos tamén no Bierzo a forma *rubianos*, á que xa fixemos referencia liñas atrás ao tratar as voces que expresan o amañecer. Lembremos que, tal e como indica o DRAG, o *rubién* é a luz en tons vermellos que encontramos tanto ao abrir o día como ao atardecer.

### 3.8 Períodos de transición entre luz e escuridade, visibilidade e invisibilidade

Dado que, tal e como acabamos de sinalar, o amencer e o atardecer / anoitecer son momentos de cambio entre luz e escuridade, non debe estrañar que encontremos varias expresións que seleccionan o aspecto da transición para facer referencia aos períodos estudados, moi especialmente, aínda que non só, nas últimas horas do día.

Así, para designar o atardecer / anoitecer, encontramos expresións de interpretación literal como *entre día e noite* e *entre noite e día*, pero a maior parte delas fan referencia directa á luz, a través de *luz* ou de *lume*: *entre luces*, *entre dúas luces*, *entre luz e luz*, *entre luz de día e luz de noite*, *entre luces de día*, *luz con luz*; *entre lumes*, *entre lumes de día e noite*, *entre lumes e días*. Están moi estendidas por todo o dominio galegofalante as expresións que contraponen un elemento relacionado formalmente con *luz* (*lusco*<sup>49</sup>, *lus*, *lusque*...) e outro

<sup>49</sup> A palabra *lusco* significa tamén en galego '[Persoa, animal] que non ve ben dun ollo ou que ten a vista torcida' (DRAG: s. v.). Con todo, CG74 (1974: 98) considera pouco probable esta motivación e sinala que a forma que encontramos en expresións como *entre lusco e fusco* e similares é probablemente de carácter expresivo e foi creada a imitación de *fusco*. Aínda que as expresións motivadas pola visión non son alleas ao ámbito que estamos estudando, debe terse en conta que *lusco*, co valor indicado ao inicio desta nota, non é unha forma moi estendida en Galicia (non se recolle no ALGa no mapa "Biorollo").



coincidente ou próximo a *fusco* 'escuro') (*fusco, fus, fusque...*), das que *entre lusco e fusco, luscofusco e lusquefusque* son as formas estándares. Moi probablemente a partir desa oposición inicial xeráronse outras expresións, con perda total da motivación semántica de partida (por exemplo, *entre rusque e fuste*). Nelas primaria o xogo fónico, mesmo coa repetición dos elementos coordinados (*entre fusco e fusco*) (no Anexo poden consultarse as numerosas variantes recollidas). En menor medida a oposición establécese entre *lume* e *fume*, substantivos que tamén permiten o contraste entre luz e escuridade e o xogo fónico a través da rima: *entre lume(s) e fume(s)*. E a esta riqueza de variantes súmase a combinación entre este esquema opositivo e o anterior: *entre lume e fusco*.

Maioritariamente, o elemento que achega o significado de período intermedio, de transición, é *entre*, acompañado, aínda que non sempre, da conxunción copulativa e (*entre lusco e fusco*, pero tamén *entre lusco fusco*). Son pouco frecuentes os exemplos sen a preposición *entre*. Nestes casos, encontramos expresións coa preposición *con* (*luz con luz, lus con fus*), coa conxunción e (*lusco e fusco, lustre e fustre* etc.) ou coa adición directa dos dous elementos (*luscofusco, musco frusco* etc.). Ademais, nun caso atopamos o elemento negativo *non* para establecer unha oposición (*fusco non fusco*) e noutro, a contracción da preposición *en* e o artigo o (*fusco no fusco*). O elemento vinculado con *luz* aparece normalmente en primeiro lugar (*entre lusco e fusco, luscofusco* etc.), pero hai tamén exemplos da orde contraria (*entre fusco e lusco*).

Para o amañecer encontramos exemplos do mesmo tipo ca os sinalados, pero con moita menor frecuencia: *entre lusque e fusque* e *entre lusco e fusco*.

Os elementos expresos na oposición para designar o período correspondente ás últimas horas do día poden ser de diferente tipo aos xa vistos. Rexistramos nas nosas fontes *entre can e lobo* e *entre lobo e can*, expresión que xa existía en latín (*inter canem et lupum*). De acordo con Rey e Chantreau (1991: s. v. *chien*), a expresión *entre chien et loup*, rexistrada en francés xa no século XIII, remonta á antigüidade. Os autores citan un fragmento dun texto hebraico do século II a. C., "cando o home non pode distinguir o can do lobo", que nos remite á situación de visibilidade parcial propia do atardecer / anoitecer. Con todo, non deben ser alleos á selección deses dous animais os costumes nocturnos do lobo e probablemente, a súa función simbólica como animal perigoso e agresivo (Dobrovolskij e Piirainen 2005: 336), en contraposición co can, animal domesticado e con funcións defensivas desde moi antigo e asociado, daquela, co valor de protección<sup>50</sup>. Encontramos tamén a expresión *entre si e non*, que supón a contraposición de dous elementos perfectamente opostos, representantes da luz (positivo) e da escuridade (negativo).

Outras expresións cun esquema antitético e vinculadas claramente coa visibilidade parcial son *vexo non vexo, viche non viche, entre viche e non viche, entre ver e non ver* (coa variante *entre ver e ver*). Cunha estrutura diferente, pero coa mesma motivación, debemos citar a expresión *medio prado media leira*, en referencia probablemente ás dificultades de distinguir entre ambas as realidades pola escuridade crecente da noite. Ademais, debemos citar a expresión *lobregar*, recollida para designar o amencer, probablemente variante de

<sup>50</sup> Sobre os valores atribuídos ao can na cultura e na sociedade galega, vid. González Pereira (2018b) e sobre a visión do lobo, González Pereira (2018a).

*lobrigar*, palabra que figura nos dicionarios (ver DdD) co valor de 'entrever, ver ao lonxe, ver confusamente' (vid. tamén o indicado en 3.7 para *lobreguecer*).

### 3.9 Outras realidades cun vínculo natural co amañecer e co atardecer / anoitecer

Ademais das expresións relacionadas coa luz, existen unhas poucas formas que designan o amañecer ou o atardecer / anoitecer metonimicamente por referencia a outros procesos, características, entidades ou lugares que teñen un vínculo natural cos fenómenos que estamos estudando ou cos períodos temporais en que teñen lugar.

Por un lado, rexistramos nas nosas fontes o substantivo *fresca*, que se emprega adverbialmente (*coa fresca*, *pola fresca*) tanto para designar as primeiras como as últimas horas do día, e que fai referencia á temperatura máis fría que se encontra nesas horas en relación coas centrais.

Por outro lado, atopamos para designar o amencer as respostas *luceiro*, *luceiro da alba*, *luceiro da mañá* e *luceiro do día*, que son de súa vez catro formas rexistradas en galego para designar o planeta Venus que loce xusto antes de saír o sol. Así mesmo, nun punto do galego exterior recóllese como resposta á pregunta "Alba" a locución *tres marías*, expresión empregada habitualmente para designar o cinto de Orión, que en determinadas épocas do ano se fai visible xusto antes do amencer. A vinculación entre a aparición do planeta (frecuentemente percibido como unha estrela) ou a da constelación e o momento en que tal visibilización ten lugar explica os procesos metonímicos. Probablemente a mesma motivación xustifique o emprego de *estrela* para designar o amencer. Esta mesma palabra é utilizada tamén para designar as últimas horas do día, en referencia á aparición das primeiras estrelas á caída da tarde.

Finalmente, encontramos *leste* e *naciente*, que designan o punto cardinal polo que sae o sol e *poñente*, que designa o contrario, o punto polo que se pon o astro.

### 3.10 Accións desenvolvidas no amañecer e no atardecer / anoitecer

Ademais das expresións que utilizan eventos ou entidades cunha relación natural co amañecer ou co atardecer / anoitecer, encontramos uns poucos exemplos que empregan accións que prototipicamente realiza o ser humano ou un animal nos períodos indicados, para facer referencia, metonimicamente, a tales períodos: UN EVENTO POLO TEMPO EN QUE O EVENTO OCORRE.

No que respecta ao amañecer encontramos nas nosas fontes varias expresións que acoden ao galo e ao seu canto, propio desas primeiras horas do día, *antes de cantar o galo*, *cantada do galo*, *cos galos*, así como unha expresión referida a un toque de campás característico do amencer: *tocar a alba*<sup>51</sup>. Rexistramos ademais outras expresións que remiten a actividades laborais que se desenvolven nese período, como *hora das leiteiras*<sup>52</sup>,

<sup>51</sup> "Como antes se celebraba sempre a misa pola mañá cedo, todos os pobos espertaban a ritmo de campá" (Antón e Mandianes 1996: 73).

<sup>52</sup> As leiteiras levantábanse moi cedo para poder vender o leite polas mañás (Fidalgo Santamariña 2001: 97).

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

*manexo* ou *axexo da mañán*, expresión esta última que comentaremos a seguir. Con respecto a *manexo*, trátase dun lance de pesca que se realiza ao amencer, tal e como se recolle no propio TLPGP e no DdD (s. v.). A palabra *manexo*, fóra do ámbito da pesca, significa, de acordo co DRAG (s. v.) 'acción realizada con astucia e ás escondidas para tratar de conseguir algo aínda prexudicando aos demais' e o seu emprego para designar o lance ten que ver, probablemente, co feito de que os peixes desas horas non ven a rede e son pescados máis facilmente<sup>53</sup>. A partir de aí, produciríase unha extensión metonímica para designar o momento en que o devandito lance ten lugar<sup>54</sup>.

Finalmente, o amañecer tamén se expresa a través das expresións verbais *madrugar* e *madrugar o día*, así como dos substantivos deverbais *madrugada* / *madrugadiña*<sup>55</sup> e *madrugá*. De acordo con Corominas (1980-1991: s. v. *madrugar*), o verbo procede do latín vulgar MATŪRĪCARE 'facer madurar', 'acelerar', 'apresurarse', que deu lugar a *madrugar* 'levantarse cedo', do que deriva *madrugada*. O emprego de *madrugada* para designar as primeiras horas do día podería responder a un proceso metonímico (a acción de levantarse cedo polo momento en que esta acción ten lugar) e o novo valor do substantivo podería conducir á ampliación semántica do verbo para designar o proceso de amañecer. Con todo, tamén cabe interpretar o camiño contrario: a existencia dunha metáfora personificadora (O DÍA É UN SER VIVO), que conduciría ao uso de *madrugar* para designar o amencer (o día *madrugá*, como as persoas) e a formación do substantivo *madrugada* a partir dese valor. Para verificar calquera das dúas hipóteses sería preciso un estudo detallado que nestes momentos non podemos levar a cabo.

Con respecto ao atardecer / anoitecer, encontramos tamén unha expresión vinculada probablemente co toque das campás, e en calquera caso, co rezo do ángelus, que ten lugar ao anoitecer (*ás avemarías*)<sup>56</sup>. Por outro lado, rexistramos en moitas zonas de costa a forma *asexo* / *axexo*, que, como acabamos de indicar, tamén se emprega para expresar o amañecer, aínda que nun só punto da costa galega e na variante *axexo da mañán*<sup>57</sup>. O *asexo*, o mesmo que o *manexo*, é un lance de pesca que se realiza cando hai pouca luz<sup>58</sup>. *Axexo* é a acción de *axexar*, isto é, de 'observar con atención [algo ou a alguén] procurando non ser visto' (DRAG: s. v.). Unha vez máis, encontramos a referencia á dificultade dos peixes para ver a rede, o que facilita a súa captura. A partir do nome do lance, produciríase unha extensión ao momento en que este ocorre, maioritariamente as últimas horas do día.

<sup>53</sup> As variantes con *a-* inicial (*amanexo* e *amonexo*) poderían resultar dun cruzamento con *amañecer* e variantes. Nótase que *amanecer* é unha forma moi estendida, como sinala CG74 (1974: 151).

<sup>54</sup> Cf. *luzada*, comentada en 3.7, onde a extensión metonímica é de sentido contrario.

<sup>55</sup> *Madrugada* modificou o seu significado e actualmente úsase esencialmente para designar o 'tempo que vai desde a media noite ata as primeiras horas da mañá' (DRAG: s. v.). De feito, este é o único significado que recolle o citado dicionario.

<sup>56</sup> "Á 'entrada da noite', 'á posta do sol', 'á boca da noite', 'á hora do Ánxelus' hanse tanguer as campás na igrexa, catedral, mosteiros e parroquias para que os fieis cristiáns 'se abaixen fincando os xeonllos no chan e os chapeus quitados, e recen as 'Avemarías', o ánxelus ou as vésperas'" (Antón e Mandianes 1996: 72). Na mesma páxina reproducíase o poema de Rosalía de Castro: "xa lonxe as campanas tocan / tocan as Ave-Marías".

<sup>57</sup> No TLPGP tamén se recolle *assejo da manhá* en dous puntos da costa portuguesa.

<sup>58</sup> Agradecemos a Francisco Fernández Rei a información ofrecida sobre o lance do *asexo*.

### 3.11 A noite é o día como lugares ou obxectos

Encontramos varias expresións que empregan formas orixinarmente locativas en combinación con *día* ou con *noite* para facer referencia ás primeiras horas (*contra o día, sobre do día*) ou ás últimas horas do día (*o redor da noite*). Debe terse en conta, con todo, que as tres formas (*contra, sobre, redor*) son formas lexicalizadas que expresan unha proximidade temporal imprecisa, anterior ou posterior ("chegou contra as tres / sobre as tres / ao redor das tres" = 'chegou aproximadamente ás tres'). Deste xeito, as expresións encontradas poderían resultar dunha especialización, sempre en clave de anterioridade (*contra o día* e *sobre do día* implican os momentos previos ao día, *o redor da noite*, os previos á noite), a partir deses usos temporais. Outra posibilidade de análise parte directamente dun valor locativo que se interpreta metaforicamente nas expresións. Aínda que en calquera das dúas interpretacións estaríamos ante exemplos, máis ou menos directos, da metáfora O TEMPO É UN LUGAR (Pérez Hernández 2000: 265), a segunda opción, fronte á anterior, permítenos extraer conclusións relativas á conceptualización do amañecer e do anoitecer. Así, o amañecer interpretárase como un elemento que se achega ao día en *contra o día* (contra: 'en dirección a') e como un elemento situado por encima do día en *sobre do día*. *O redor da noite*, de súa vez, conduciría a unha lectura do anoitecer como un elemento que está cerca da noite e que a rodea. Por outro lado, *so*, que encontramos na expresión *sonoite* (coa variante *senoite* recollida por Rivas Quintas no sur de Ourense [DdD]), non está lexicalizado con valor temporal. De acordo coa conceptualización que se agocha tras esta expresión, existente tamén en portugués, o anoitecer situaríase por debaixo da noite.

Tamén podemos incluír neste grupo de expresións *bocanoite / boca da noite*, aínda que neste caso cabe igualmente unha dupla interpretación en función do emprego ou non dunha metáfora lexicalizada. Así, podemos supoñer que cando se construíu a expresión, *boca* se utilizou co significado lexicalizado de 'buraco ou abertura que pon en comunicación o interior de algo e o exterior' (co cal estaríamos ante un exemplo da metáfora espacial xa mencionada O TEMPO É UN LUGAR) ou ben, menos plausiblemente, que estamos ante un caso de personificación ou animalización da noite. Tamén cabe a dualidade interpretativa para a locución *cu da noite*, onde *cu* podería interpretarse orixinarmente co valor lexicalizado de 'parte inferior ou base de certas cousas', DRAG) (e *noite*, daquela, como un obxecto: O TEMPO É UN OBXECTO<sup>59</sup>), ou ben como designador dunha parte do corpo, o que daría lugar a unha metáfora personificadora ou animalizadora. Repárese en que existe coincidencia con *sonoite* na consideración do anoitecer como un espazo que se sitúa por baixo da noite, o que contrasta coa situación do amañecer por riba do día en *sobre do día*.

### 3.12 A loita do día e da noite

Encontramos no concello coruñés de Ponteceso unha expresión para o atardecer / anoitecer, *poder máis a noite ca o día*, que supón a existencia dunha competencia ou loita entre a noite e o día en que a primeira xorde como vencedora.

<sup>59</sup> Szwedek (2009) argumenta que, dado que os obxectos son estruturas espaciais, a metáfora O TEMPO É UN ESPAZO realmente debe ser lida en clave de O TEMPO É UN OBXECTO.

### 3.13 Expresións temporais

Atopamos unhas poucas expresións que parten en última instancia do MANEANA latino: (*á/de/pola*) *mañá*, (*a/pola*) *mañá cedo*, *mañá do día*, *mañanada* (e *mañanciña*, forma esta última que xa comentamos en 3.6). Nótese que HORA MANEANA significaba, de acordo con Corominas (1980-1991: s. v. *mañana*), ‘en hora temperá’. A partir de aquí a forma pasaría a abranguer un período temporal máis amplo (de aí a presenza do adverbio *cedo* en *á/pola mañá cedo*), pero nalgunhas expresións parece manter esa referencia máis restrinxida ás primeiras horas do día (*á/de/pola mañá*, *mañá do día*). Con respecto a *mañanada* nótese que está construído co sufixo *-ada*, afixo que se combina con expresións de valor temporal para denotar períodos, como podemos comprobar noutras formas como *outonada*, *tempada* ou *anada* ('ano'). Outras expresións rexistradas son *primeira hora do día* e *cedo*.

Pola súa banda, *serán*, *seriña* (*da tarde*), *serán da noite* e *serán baixo* (sobre este último vid. 3.2) derivan de SERUS ‘tardío’, mentres *tarde*, *media tarde*, *tardita*, *tardiña*, *tarde / tardiña baixa* e *tardiña alta* proceden do latín TARDE (para o significado orixinal desta forma vid. 3.1). Sobre as formas con diminutivo vid. 3.6 e sobre as dúas últimas vid. 3.2.

### 3.14 Expresións de interpretación dubidosa

Nas enquisas do ALPI rexístrase nun único punto (o concello pontevedrés de Fornelos de Montes) unha expresión transcrita como *reverdar o día* (“ó reverdar o día”). Ao non atopar este verbo rexistrado en ningún dicionario, e dado que na transcripción fonética do ALPI a segunda vogal aparece representada como [ə], consideramos a posibilidade de que a transcripción ortográfica máis apropiada fose *rebordar o día*, expresión, en calquera caso, da que non encontramos exemplos de uso. Se esa é a interpretación correcta, a motivación parece vincularse coa consideración do día como un recipiente que comeza a rebordar (a luz do sol) co amañecer.

Outra expresión dubidosa, rexistrada tamén nun punto do ALPI (o concello pontevedrés de Arbo), é *rampelexar o día* (“ó rampelexar o día”). Non encontramos tampouco outros testemuños do verbo.

## 4. Conclusións

Tal e como xa mostrara García en CG74 e CG78, en galego existen numerosas maneiras de designar o amañecer e o atardecer / anoitecer. A pesar de que este último período ocupa un espazo temporal maior, encontramos un número superior de expresións para a designación das primeiras horas do día.

A maior parte das formas atopadas no corpus teñen unha motivación claramente metonímica, tomando como punto de partida especialmente o movemento do sol ou a presenza / ausencia de luz. Isto non obsta para que, frecuentemente, encontremos asemade unha relación metafórica, como sucede, por exemplo, nas

**A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego**

expresións *recollerse o sol* ou *meterse o sol no buraco*<sup>60</sup>. Lembremos ademais a frecuente alternancia *día / sol*, que de acordo coa nosa interpretación, pode ser o resultado de extensións metonímicas bidireccionais.

Deixando a un lado as expresións puramente temporais, o amanecer concíbese como a aparición, o comezo, a creación ou a existencia do día, como un desprazamento, como unha apertura ou ruptura ou como o nacemento do sol ou do día. As expresións correspondentes son frecuentes en todo o territorio galegofalante. O marco do desprazamento é o máis rico lexicamente, mentres que as expresións *amanecer* e *abrir o día*, segundo CG74, son as máis comúns. Ademais, están moi estendidas e son moi numerosas as expresións que se refiren ao amencer a través da presenza de luz ou de claridade e en menor medida dunha situación intermedia entre escuridade e luz. Encontramos ademais algunhas expresións que fan referencia ao amencer a través de procesos, entidades, etc. vinculados de maneira natural con ese período temporal ou ben a través de accións que se realizan prototípicamente nese momento. Ademais, o amencer concíbese tamén como un lugar situado cerca ou na parte inicial do día e como unha mañá pequena.

No que respecta ao atardecer / anoitecer, podemos diferenciar entre aquelas expresións que designan este proceso ou este período mediante sucesos relacionados co sol ou co día e aquelas que o expresan mediante a referencia á noite. Compárese, a este respecto, por exemplo, *irse o sol* e *vir a noite*. Así, o atardecer / anoitecer concíbese como a aparición, comezo ou existencia da noite; como a chegada ou creación desta, como unha noite pequena ou como un lugar ou espazo situado baixo a noite ou na parte de abaixo desta. En segundo lugar, interprétase tamén como a marcha do día ou do sol (a expresión *posta de sol* é unha das máis frecuentes no territorio galegofalante) ou, en menor medida, como o peche ou a morte do día.

Por outro lado, son tamén moi numerosas e diversas as expresións que aluden ao atardecer / anoitecer a través da escuridade ou da transición entre luz e escuridade, neste último caso con moita maior frecuencia ca para o amencer. Encontramos tamén unhas poucas expresións que fan referencia a outros fenómenos cun vínculo natural co atardecer / anoitecer, así como a algunhas accións características deste período.

Tal e como se mostra na táboa 1, encontramos un paralelismo entre as expresións do amencer construídas con *mañá* ou con *día* e as expresións do anoitecer construídas con *noite*. Na seguinte táboa tentamos reflectir ese paralelismo, de maneira moi simplificada e acudindo a unha selección das expresións. A única discrepancia encóntrase nas diferentes localizacións espaciais do amencer e do anoitecer con respecto a día e noite implicadas en *sobre do día* (superior) e en *sonoite* (inferior).

<sup>60</sup> Sobre a frecuente interacción de metáfora e metonimia, véxanse, por exemplo, os traballos que se recollen no primeiro apartado de Barcelona (2000), "The interaction of metaphor and metonymy, and other theoretical issues", así como a introdución a esta obra, do propio Antonio Barcelona.



## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	AMAÑECER	ANOITECER
Aparición	<i>amañecer</i>	<i>anoitecer</i>
	<i>amañecer o día</i>	<i>anoitecer a noite</i>
Comezo	<i>empezada do día</i>	<i>empezar a noite</i>
Existencia	<i>ser (de) día</i>	<i>ser (a) noite</i>
Creación	<i>facerse de día</i>	<i>facerse (de) noite</i>
Movemento	<i>vir o día</i>	<i>vir a noite</i>
Tamaño	<i>mañanciña</i>	<i>noitiña</i>
Localización	<i>sobre do día</i>	<i>sonoite</i>

Táboa 1: Expresións con día / mañá vs. expresións con noite

Se contrastamos as expresións construídas con *día* e con *sol* para expresar o amañecer e o anoitecer, as relacións que encontramos, como cabía esperar, son de carácter opositivo, pero unha vez máis atopamos un alto grao de paralelismo:

	AMAÑECER	ANOITECER
Aparición / desaparición	<i>aparecer o día</i>	<i>desaparecer o sol</i>
Comezo / final	<i>empezada do día</i>	<i>derramada (do día)</i>
Vinda / ida	<i>vir o sol</i>	<i>irse o sol</i>
Saída / retirada	<i>saír o sol</i>	<i>meterse o sol</i>
Subida / baixada	<i>levantarse o sol</i>	<i>baixar o sol</i>
Apertura / peche	<i>abrir o día</i>	<i>cerrar o día</i>
Nacemento / morte	<i>nacer o día</i>	<i>morrer o día</i>
Luz / escuridade	<i>aclarar o día</i>	<i>escurecer o día</i>
Branco / pardo	<i>alborear o día</i>	<i>empardecer o día</i>

Táboa 2: Expresións con día / sol para o amencer e o anoitecer

Podemos concluir que en relación coa duración dun día (24 horas), existe unha conceptualización do tempo cíclica, motivada polo aparente movemento do sol. Como sinalan Fállar e Cuéllar (2003: 8) para o quechua, non se trata de que, unha vez que se cumpre o ciclo, se volva ao mesmo punto de partida, senón que se deseña una onda que vai avanzando na liña temporal.

Aos paralelismos destacados nas táboas 1 e 2, debemos sumar as coincidencias xa sinaladas previamente, como a existencia de expresións con base metonímica que aluden ás primeiras e ás últimas horas do día a través de accións características de cada un deses momentos ou a través de entidades ou fenómenos cun vínculo

natural con eles. Aquí tamén encontramos coincidencias temáticas na selección do punto de referencia metonímico.

	AMAÑECER	ANOITECER
O ceo	<i>lucero da mañá</i>	<i>as tres marías</i>
A relixión	<i>tocar a alba</i>	<i>ás avemarías</i>
O traballo	<i>manexo</i>	<i>axexo</i>

Táboa 3: Accións e entidades vinculadas co amencer e co anoitecer

Encontramos tamén, por outro lado, expresións que poden designar tanto as primeiras como as últimas horas do día, o que se explica polos puntos coincidentes que teñen ambos os períodos:

	AMAÑECER	ANOITECER
Períodos de transición	<i>entre lusco e fusco</i> <i>noubra e fusco</i>	
Luz	<i>craror</i>	
Temperatura	<i>fresca</i>	
Ceo	<i>estrelacer</i>	

Táboa 4: Expresións que se empregan tanto para o amencer como para o atardecer / anoitecer

Esta parcial similaridade entre os dous momentos, así como a súa integración, como o comezo e o remate, nunha realidade conceptualizada ciclicamente explican sen dúbida os paralelismos encontrados. Tales paralelismos existen en todos os grupos establecidos, agás no marco conceptual da ruptura, con independencia de que algunhas das bases motivacionais sexan máis produtivas ou frecuentes para un ou outro dos conceptos estudados (por exemplo a metáfora do nacemento do día está moito máis estendida ca a da morte do día). Finalmente, gustaríanos destacar a gran riqueza de fontes motivacionais encontradas, sobre todo fenómenos naturais e universais (como o aparente movemento do sol), pero tamén, aínda que en menor medida, aspectos socioculturais (*hora das leiteiras*, *axexo*), dando conta, unha vez máis, da necesidade de combinar ambas as perspectivas no estudo das conceptualizacións da realidade que levan a cabo os falantes dunha lingua (Kövecses 2005, Dobrovolskij e Piirainen 2005).

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela

<http://orcid.org/0000-0003-4079-2287>

[maria.alvarez.delagranja@usc.gal](mailto:maria.alvarez.delagranja@usc.gal)

## Referencias bibliográficas

- ALBI = Gutiérrez Tuñón, Manuel (1996): *Atlas lingüístico de El Bierzo*, vol. I. *Léxico (1)*, [Ponferrada]: Instituto de Estudios Bercianos.
- ALGa = Fernández Rei, Francisco (coord.) (2003): *Atlas lingüístico galego IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALMA = Barriuso Fernández, Emilio (2002): *Atlas léxico marineru de Asturias*, [s. l.]: Real Instituto de Estudios Asturianos.
- Álvarez, Rosario e Xove, Xosé (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- Antón, Fina María e Mandianes, Manuel (1996): "As campás enmudecen", *Grial*, 129, pp. 71-80.
- Barcelona, Antonio (ed.) (2000): *Metaphor and metonymy at the crossroads. A cognitive perspective*, Berlin – New York: Mouton de Gruyter.
- Cabanillas, Ramón (1983): *Cancioneiro popular galego*, Vigo: Galaxia.
- CG74 = García, Constantino (1974): "Amanecer en gallego", *Verba*, 1, pp. 150-158.
- CG78 = García, Constantino (1978): "Anochecer en gallego", *Verba*, 5, pp. 93-100.
- Cidrás Escáneo, Francisco (2003): "Alternancias transitivo-intransitivo e formación de predicados en gallego", *Verba* 30, pp. 81-115.
- Corominas, Joan e Pascual, José A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid: Gredos.
- Costa, Daniela de Souza Silva (2018): *Vocabulário Dialetal do Centro-Oeste: interfaces entre a Lexicografia e a Dialetologia*. Tese de doutoramento, Londrina: Universidade Estadual de Londrina.
- DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2006): *Diccionario de diccionarios*, A Coruña: Fundación Barrié. <http://sli.uvigo.es/DdD/> [Consultado: 31/07/2019].
- DFG = López Taboada, Carme e Soto Arias, María Rosario (2008): *Diccionario de fraseoloxía galega*, Vigo: Xerais.
- Dobrovolskij, Dmitrij e Piirainen, Elisabeth (2005): *Figurative language: cross-cultural and cross-linguistic perspectives*, Amsterdam: Elsevier.
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/diccionario> [Consultado: 31/07/2019].
- Dubert García, Francisco (2005): "Interferencias del castellano en el gallego popular", *Bulletin of Hispanic Studies*, 82:3, pp. 271-293.
- Fállar, Martina e Cuéllar, Mario (2003): "Metáforas del tiempo en el quechua", *Actas del IV Congreso Nacional de Investigaciones Lingüístico-Filológicas*, Lima: Universidad Ricardo Palma (CD-ROM), pp. 1-11.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Xerais.
- Fernández Soriano, Olga e Taboes, Susana (1999): "Construcciones impersonales no reflejas", Violeta Demonte e Ignacio Bosque (coords.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 2 (*Las construcciones sintácticas fundamentales. Relaciones temporales, aspectuales y modales*), Madrid: Espasa Calpe, pp. 1723-1778.
- Fidalgo Santamariña, Antón (2001): *Os saberes tradicionais dos galegos. Estudio da pluriactividade galega*, Vigo: Galaxia.

- García, Constantino (2004): "De Rosalía a Dieste. Reflexións sobre o léxico dos escritores", Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, vol. 2, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 25-38.
- Gibbs, Raymond W. (2006): *Embodiment and Cognitive Science*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Gómez Torrego, Leonardo (1992): *La impersonalidad gramatical: descripción y norma*, Madrid: Arco Libros.
- González Pereira, Andrea (2018a): "A caracterización do lobo a través das expresións figuradas galegas que o teñen como referente", Ana Acuña Trabazo, Xosé Henrique Costas González e Ana Iglesias Álvarez (eds.), *Homenaxe a Ramón Gutiérrez Izquierdo*, Vigo: Universidade de Vigo, pp. 129-141.
- González Pereira, Andrea (2018b): "Valoración do can por parte dos galegos: análise de expresións figuradas galegas que retratan este animal", Marta Díaz Ferro, Jorge Diz Ferreira, Ania Pérez Pérez e Ana Varela Suárez (coords.), *Novas perspectivas na lingüística aplicada*, Lugo: Axac, pp. 53-64.
- Houaiss = Houaiss, António, Villar, Mauro de Salles e Franco, Francisco Manoel de Mello (dirs.) (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*, Rio de Janeiro: Objetiva.
- Izquierdo Guzmán, María Laura (1992): *Estudio léxico-semántico de los términos que delimitan tiempo en 'día' (investigación diacrónica)*. Tese de doutoramento, La Laguna: Universidad de La Laguna.
- Johnson, Mark (1987): *The body in the mind: The bodily basis of meaning, imagination and reason*, Chicago, The University of Chicago Press.
- Kövecses, Zoltan (2005): *Metaphor in culture. Universality and variation*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Kövecses, Zoltan (2010, 2ª ed.): *Metaphor: a practical introduction*, Oxford: Oxford University Press.
- Lakoff, George (1993, 2ª ed.): "The contemporary theory of metaphor", Andrew Ortony (ed), *Metaphor and Thought*, Cambridge: Cambridge University Press, pp. 202-251.
- Lakoff, George e Johnson, Mark (1993, 2ª ed.): *Metaphors we live by*, Chicago - London: The University of Chicago Press.
- Lakoff, George e Turner, Mark (1989): *More than cool reason: A field guide to poetic metaphor*, Chicago: University of Chicago Press.
- LMP = Alvar, Manuel (1985): *Léxico de los marineros peninsulares*, vol. I, Madrid: Arco Libros.
- Mellado Blanco, Carmen (2012): "La conceptualización del tiempo a través del espacio en la fraseología alemana y española", Carsten Sinner, Encarnación Tabares Plasencia e Esteban T. Montoro del Arco (eds.), *Tiempo, espacio y relaciones espacio-temporales en la fraseología y paremiología españolas*, München: Peniopo, pp. 34-49.
- Mendikoetxea, Amaya (1999): "Construcciones inacusativas y pasivas", Violeta Demonte e Ignacio Bosque (coords.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 2 (*Las construcciones sintácticas fundamentales. Relaciones temporales, aspectuales y modales*), Madrid: Espasa Calpe, pp. 1575-1630.
- Merchán Araid, Nuria (2015): *Verbos denominales incoativos en español*. Tese de doutoramento, Alicante: Universitat d'Alacant - Universidad de Alicante.
- Merchán Araid, Nuria (2017): "Verbos denominales incoativos en español", *Moenia: Revista lucense de lingüística & literatura*, 23, pp. 29-60.

**A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego**

- Panther, Klaus-Uwe e Radden, Günter (2011): "Introduction. Reflections on motivation revisited", Klaus-Uwe Panther e Günter Radden (eds.), *Motivation in grammar and the lexicon*, Amsterdam - Philadelphia: John Benjamins, pp. 1-26.
- Peirsman, Yves e Geeraerts, Dik (2006): "Metonymy as a prototypical category", *Cognitive linguistics*, 17:3, pp. 269-316.
- Pérez Hernández, Lorena (2000): "Is time a basic domain? Reduction of abstract domains through metaphor and metonymy", *EPOS*, XVI, pp. 259-284.
- Radden, G. (2003): "The Metaphor TIME AS SPACE Across Languages", *Zeitschrift für Interkulturellen Fremdsprachenunterricht* 8:2/3, pp. 226-239.
- Rey, Alain e Chantreau, Sophie (1991): *Dictionnaire des expressions et locutions*, Paris: Robert.
- Ruwet, Nicolas (1989): "Weather-verbs and the unaccusative hypothesis", Carl Kirschner e Janet Decesaris (eds.), *Studies in Romance Linguistics*, Amsterdam - Philadelphia: John Benjamins, pp. 313-345.
- Sánchez Cid, María (2004): "Denominacións para anoitecer en galego moderno", Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, vol. IV, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 563-573.
- Seco Orosa, Ana (2001): "Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora", *Revista de Filología Románica*, 18, pp. 73-102.
- Sousa Fernández, Xulio: *Índices do Atlas Lingüístico Galego*. <http://ilg.usc.gal/indices/> [Consultado: 31/07/2019].
- Szwedek, Aleksander (2009): "Conceptualization of space and time", Piotra Łobacz, Władysław Zabrocki e Piotr Nowak (eds.), *Language, Science and Culture: Essays in Honor of Professor Jerzy Bańczerowski on the Occasion of His 70th Birthday*, Poznan: Wydawnictwo Naukowe UAM, pp. 317-333.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.), González Seoane, Ernesto e Álvarez de la Granja, María: *Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1)*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/> [Consultado: 31/07/2019].
- TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/Tesouro> [Consultado: 31/07/2019].
- Tuttle, Edward Fowler (1975): *Studies in the derivational suffix -āculum, its Latin origin and its Romance Development*, Tübingen: Max Niemeyer.
- Yu, Ning (2014): "Embodiment, culture, and language", Farzad Sharifian (ed.), *The Routledge handbook of language and culture*, London - New York: Routledge - Taylor & Francis Group, pp. 227-239.

## ANEXOS

A seguir ofrecemos o corpus de traballo confeccionado a partir das fontes citadas en 2.1. e presentado de acordo cos criterios de agrupamento ou separación das expresións sinalados en 2.3. Cómpre facer agora novas precisións con respecto á presentación dos datos:

- 1) En cada táboa, as diferentes denominacións aparecen ordenadas alfabeticamente.
- 2) Cando existen diferentes variantes que se unifican, estas sepáranse con barra. No caso de estar rexistrada, figura na primeira posición a forma estándar (ou, de haberen varias, todas elas, ordenadas alfabeticamente) e a continuación as restantes, dispostas en orde alfabética. Con todo, pódese alterar a ordenación se en varias celas seguidas existen denominacións próximas, co obxectivo de facer máis visible a relación existente (por exemplo, aínda que tanto *aclarear* como *clarear* son formas estándares, ordenamos *clarear o día / aclarar o día* para que sexa máis visible a relación coa cela anterior, que non presenta a variante con *a-*: *clarear / crarear*).
- 3) No caso de existiren variantes ortográficas, unificamos baixo a ortografía estándar.
- 4) Non representamos a segunda forma do artigo.
- 5) Non representamos o seseo, o ceceo nin a gheada (deste xeito, *lusada* e *luzada* quedan recollidas baixo *luzada*; *acexo* baixo *asexo*, *madrugada* e *madrujada* baixo *madrugada*). Tampouco representamos o e paragórico que aparece ao final dalgúns infinitivos.
- 6) Non presentamos as preposicións que serven para facer funcionar adverbialmente unha expresión cando non están fixadas, senón que se combinan libremente coa expresión nominal, que ten independencia semántica e sintáctica. Por exemplo, *pola mañanciña* e *á mañanciña* represéntanse baixo *mañanciña*.
- 7) Non reproducimos os determinantes que nalgunha ocasión introducen a denominación nas fontes: *a salida* recóllese como *salida*.
- 8) Os verbos preséntanse en infinitivo aínda que se recollan conxugados nas fontes (por exemplo, *saliu* como *salir*). Do mesmo xeito, suprimimos na presentación elementos perifrásticos (por exemplo, *empezar a salir o sol* recóllese como *salir o sol*).
- 9) No que respecta ás fontes, non comprobamos a presenza no DdD e no DFG das formas que xa figuran nas outras obras. Así pois, só levarán a etiqueta DdD e DFG aquelas expresións que non están nin no TLPGP nin nos atlas, nin en CG74 nin en CG78.
- 10) Para incluír unha obra na columna Fonte abonda con que rexistre tan só unha das variantes que figuran no campo Denominación.

## AMENCER

	Denominación	Fonte	Observación
1.	abicar o día	LMP	
2.	abicar o sol	LMP	
3.	abrenta	CG74	
4.	abrente / abriente / brente / rente	ALGa / CG74	
5.	abrente do día / brente do día	TLPGP / ALGa / ALPI	
6.	abrento do día	ALGa	
7.	abrir do día	TLPGP / ALPI	
8.	abrir o día	TLPGP / ALGa / ALPI / LMP / CG74	
9.	abrir o sol	TLPGP / ALGa / CG74	
10.	aclarar o día	ALGa	
11.	alba	TLPGP / ALGa / ALPI / LMP / ALMA / ALBI / CG74	
12.	alba da mañán	ALGa	
13.	alba do día / albiña do día / alba del día	TLPGP / ALGa / ALPI / LMP / ALBI	
14.	albecer o día	ALPI	
15.	albor	TLPGP / CG74	
16.	albora do día	ALGa	
17.	alborada	TLPGP / ALGa / ALPI / LMP / CG74	
18.	alborar	CG74	
19.	albordecer o día	ALPI	
20.	alborear	ALGa / CG74	
21.	alborear o día	ALGa	
22.	alborecear o día	ALGa	
23.	alborecer / albarecer	TLPGP / ALPI / LMP / CG74	
24.	alborecer o día	ALGa / ALPI	
25.	alborexar / albaresar / albarexar / alberesar / alborosar / albrexar / alburuxar	TLPGP / ALGa / ALPI / CG74	
26.	alborexar o día / albrexar o día	TLPGP / ALGa	
27.	alborexoxo / albrexoxo	CG74	
28.	alboriada	ALPI	
29.	alumbrar	CG74	
30.	alumbrar o día	TLPGP	
31.	alumbrir	CG74	
32.	alumear	ALGa	
33.	alumear o día	ALGa	
34.	amanecida	TLPGP / ALGa / CG74	
35.	amañecer / amencer / amacer / amaecer / amaicer / amancer / amanecer / ameicer / ameñecer / mancer / mencer <sup>61</sup>	TLPGP / ALGa / ALPI / ALMA / ALBI / CG74	Substantivo <sup>62</sup>

<sup>61</sup> Sobre estas variantes e a súa distribución, pode consultarse CG74.

<sup>62</sup> Nalgúns casos podemos distinguir claramente se as fontes están ofrecendo un verbo ou un substantivo, pero en moitas ocasións resulta imposible saber se a voz que recollen pertence a unha ou outra categoría gramatical. Por este motivo, optamos por reproducir en cada categoría a totalidade das variantes e fontes rexistradas no corpus.

### A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
36.	amañecer / amencer / amacer / amaecer / amaicer / amancer / amanecer / ameicer / ameñecer / mancer / mencer	TLPGP / ALGa / ALPI / ALMA / ALBI / CG74	Verbo
37.	amañecer o día / amanecer o día	ALGa	
38.	amañecer o sol / amanecer o sol	ALGa	
39.	antes de cantar o galo	DFG	
40.	aparecer o día	ALGa	
41.	apuntar o día / puntar o día	CG74	
42.	apuntar o sol	ALGa / LMP / CG74	
43.	arrear o sol	CG74	
44.	asomar o sol / asomar el sol / asomar o so	LMP / ALMA	
45.	aurora	ALPI / LMP / CG74	
46.	aurora del alba	ALMA	
47.	aurora do día	ALGa	
48.	avistarse o sol	ALGa	
49.	axexo da mañán	ALGa	
50.	baña do día	TLPGP	
51.	barras do día	CG74	
52.	blanca	TLPGP	
53.	blanca do día	ALGa / LMP	
54.	blancura do día	LMP	
55.	cantada do galo	TLPGP	
56.	cedo	CG74	
57.	chegar o día	DFG	
58.	clara do día	LMP	
59.	clarear / crarear	TLPGP / ALGa / CG74	
60.	clarear o día / aclarear o día	TLPGP / ALGa / LMP	
61.	clarexa	CG74	
62.	claridá / craridá	CG74	
63.	columbrar / acolumbrar	TLPGP / CG74	
64.	columbrar a mañá	TLPGP	
65.	columbrar o día / acolumbrar o día	TLPGP / ALGa / ALPI	
66.	contra o día	TLPGP / CG74	
67.	cos galos	DFG	
68.	crepúsculo	ALGa	
69.	dar o sol	ALGa	
70.	deslumbrar o día	ALGa	
71.	despuntar o día / espuntar o día	ALGa / CG74	
72.	despuntar o sol / espuntar el sol / espuntar o sol	ALGa / ALMA / CG74	
73.	día alto	LMP	
74.	día claro	LMP	
75.	empezada do día	CG74	



## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
76.	entre lusco e fusco / entre lusque e fusque	ALGa / ALPI	Segundo se indica na nota 3 do mapa 8a do ALGa, rexistrouse <i>entre lusco e fusco</i> para designar tamén o período matutino na parroquia de Padróns, pertencente ao concello pontevedrés de Pontearreas
77.	esclarecer / escrarecer	ALGa / CG74	
78.	esclarecer o día / escrarecer o día	ALGa / ALPI	
79.	esclarecido	TLPGP	
80.	esclarexar	DdD	
81.	estrelacer	ALGa	
82.	facerse de día	DFG	
83.	fresca	TLPGP	
84.	haber o sol	ALGa	
85.	hora das leiteiras	DFG	
86.	leste	TLPGP	
87.	levanta	TLPGP	
88.	levantar	LMP	
89.	levanta do día	TLPGP	
90.	levantar o día	TLPGP	
91.	levantarse o sol	ALGa	
92.	lobregar	CG74	
93.	lobreguecer	CG74	
94.	luceiro	CG74	
95.	luceiro da alba / lucero del alba	CG74 / ALBI	
96.	luceiro da mañá / luceiro da mañán	ALGa / CG74	
97.	luceiro do día	CG74	
98.	lucexar o día	ALPI	
99.	lumbrigada	CG74	
100.	lumbrigar / alumbrigar / lombregar / lombrigar / lumbregar	TLPGP / ALGa / CG74	
101.	lumbrigar o día / alumbregar o día / alumbrigar o día / lombrigar o día / lumbregar o día	TLPGP / ALGa / ALPI	
102.	luz da alba	ALGa	
103.	luz da mañá	CG74	
104.	luz do día	CG74	
105.	luzada	TLPGP / ALGa / LMP / CG74	
106.	luzada da mañán	ALGa	
107.	madrugada	CG74	
108.	madrugada / madrugadiña	TLPGP / ALGa / ALPI / CG74	
109.	madrugar	ALGa / CG74	
110.	madrugar o día	ALGa	
111.	manexo / amanexo / amonexo	TLPGP / ALGa / LMP	
112.	mañá / mañán	CG74 / TLPGP	
113.	mañá cedo / mañá ceo	TLPGP / CG74	
114.	mañá do día	TLPGP	

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
115.	mañanada	TLPGP	
116.	mañanciña	TLPGP	
117.	nacenza do sol	CG74	
118.	nacer	ALPI	
119.	nacer do día	TLPGP	
120.	nacer o día	TLPGP / ALGa / ALPI / CG74	
121.	nacer o sol	TLPGP / ALGa / CG74	
122.	nacida do día	ALGa / CG74	
123.	nacida do sol	ALGa / CG74	
124.	naciente	TLPGP	
125.	noubra e fusco	ALGa	Na nota 4 do mapa 8a do ALGa dise que en Hermisende (Zamora) se indicou que <i>noubra e fusco</i> se utilizaba para designar o momento en que se puña o sol, pero tamén o momento previo á chegada do día
126.	orto	TLPGP	
127.	primeira hora do día	CG74	
128.	raia do sol	ALGa	
129.	raiar	ALGa	
130.	raiar do día	ALPI	
131.	raiar o día / arraiar o día / raier el día	TLPGP / ALGa / ALPI / CG74	
132.	raiar o sol / arraiar o sol	TLPGP / ALGa / CG74	
133.	raiolar	DdD	
134.	rampelexar o día (?)	ALPI	Vid. 3.14
135.	relumbrar o día	ALGa	
136.	relumbregar o día	ALPI	
137.	repuntar o día	CG74	
138.	resplandor do día	ALGa / CG74	
139.	reverdar o día (?)	ALPI	Vid. 3.14
140.	riscar el alba	ALGa	
141.	riscar o día / riscar el día	TLPGP / ALGa / ALPI / CG74	
142.	riscar o sol	DFG	
143.	rompedura do día / rompidura do día	TLPGP / CG74	
144.	rompenta	ALGa / CG74	
145.	rompenta do día	ALGa	
146.	rompente	TLPGP / ALPI	
147.	rompente do día	ALGa / CG74	
148.	romper a alba	DFG	
149.	romper a aurora	ALGa / ALPI	
150.	romper da alba	DFG	
151.	romper do día	ALPI / LMP	
152.	romper o día / romper el día	TLPGP / ALGa / ALPI / LMP / CG74	
153.	romper o sol	ALGa	
154.	rompida do día / rompidiña do día	ALGa / ALPI / CG74	
155.	rompida do sol	ALGa	

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
156.	rubianos	ALBI	
157.	saír o día / salir o día	TLPGP / ALGa / ALBI / CG74	
158.	saír o sol / salir el sol / salir o sol	TLPGP / ALGa / LMP / ALMA / ALBI / CG74	
159.	salida	LMP	
160.	salida da aurora	ALPI	
161.	salida do sol	ALGa / CG74	
162.	salir	LMP	
163.	ser de día / ser día	TLPGP / ALGa / ALBI / CG74	
164.	ser sol	ALGa	
165.	sobre do día	TLPGP / CG74	
166.	subir	LMP	
167.	tocar a alba	ALGa	
168.	tres marías	ALBI	
169.	venir a aurora / venir la aurora	ALGa / ALPI	
170.	vir a alba do día	ALGa	
171.	vir a mañanada	TLPGP	
172.	vir a raíña do sol	ALGa	
173.	vir el alba	ALMA	
174.	vir o día	TLPGP / ALGa / ALPI / ALBI / CG74	
175.	vir o levanta	TLPGP	
176.	vir o sol / vir Lourenzo	TLPGP / ALGa	A expresión <i>vir Lourenzo</i> recóllese na nota 5 do mapa 1f do ALGa
177.	xa non se pisan os sapos	CG74	
178.	xa se conocen ben os cuartos	ALGa	A expresión recóllese na nota 8 do mapa 1a do ALGa
179.	xa se contan os cuartos / xa se contan os diñeiros	CG74	

## ATARDECER / ANOITECER

	Denominación	Fonte	Observación
1.	aguatinta	ALGa	
2.	anobreguecer	TLPGP	
3.	anoitecer / anochecer / anoutecer / anuitecer / nochecher / noitecer	TLPGP / ALGa / LMP / ALMA / ALBI / CG78	Substantivo <sup>63</sup>
4.	anoitecer / anochecer / anoutecer / anuitecer / nochecher / noitecer	TLPGP / ALGa / LMP / ALMA / ALBI / CG78	Verbo
5.	anoitecer a noite	ALGa	
6.	anoitecida	TLPGP / CG78	
7.	anoitecido	ALGa / CG78	
8.	apardecere	TLPGP / ALGa / CG78	Substantivo

<sup>63</sup> Aquí, e en *apardecere*, *atardecere*, *empardecere* e *escurecer*, empregamos o mesmo criterio sinalado para *amañecer* na nota anterior, de xeito que ofrecemos todas as variantes e fontes para ambas as categorías gramaticais. En calquera caso, debe terse en conta que para todas as formas indicadas temos constancia do uso tanto verbal como nominal.

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
9.	apardecen	TLPGP / ALGa / CG78	Verbo
10.	asexo / axexo	TLPGP / ALGa / LMP / ALMA	
11.	atardecen / tardecen	TLPGP / ALGa / ALMA / ALBI / CG78	Substantivo
12.	atardecen / tardecen	TLPGP / ALGa / ALMA / ALBI / CG78	Verbo
13.	atardecida	CG78	
14.	ás avemaría	DdD	
15.	baixada do sol	ALGa / CG78	
16.	baixar o sol	TLPGP	
17.	beixar / beixarse	LMP	
18.	bocanoite / boca da noite	TLPGP / ALGa / CG78	
19.	botarse a noite	DFG	
20.	botarse a noite encima / botarse a noite enriba	DFG	
21.	caer a noite / caír a noite	LMP / CG78	
22.	caer a tarde	DFG	
23.	caer da noite	DFG	
24.	caer da tarde	CG78	
25.	caer el sol	ALGa	
26.	caída da noite	DFG	
27.	caída da tarde	CG78	
28.	caída do día	TLPGP	
29.	caída do sol	CG78	
30.	cerrada da noite / cerradiña da noite / zarrada da noite	TLPGP / CG78	
31.	cerrado da noite / cerradiño da noite / zarrado da noite	TLPGP / ALGa / CG78	
32.	cerrar a noite / fechar a noite / pechar a noite / zarrar a noite	ALGa / CG78	
33.	cerrar da noite / fechar da noite / pechar da noite / pechar de noite / zarrar da noite	TLPGP / ALGa / CG78	
34.	cerrar do día / zarrar do día	TLPGP / ALGa	
35.	cerrar o día / pechar o día / zarrar o día	TLPGP / ALGa / CG78	
36.	craror	ALGa	
37.	cu da noite	DdD / DFG	
38.	degaxar	ALGa	
39.	derramada	DdD	
40.	desaparecer o sol	ALGa	
41.	devalar	DdD	
42.	devalo	DdD	
43.	empardecer	TLPGP / ALGa / CG78	Substantivo
44.	empardecer	TLPGP / ALGa / CG78	Verbo
45.	empardecer o día	DFG	
46.	empardecida	ALGa	
47.	empezar a noite	ALGa	
48.	encerrado da noite	ALGa	

### A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
49.	enterrarse o sol	CG78	
50.	entrar a noite	CG78	
51.	entre can e lobo / entre lobo e can	TLPGP / CG78	
52.	entre día e noite / entre día e a noite / entre el día e a noite / entre o día e a noite / entre noite e día / entre a noite e o día	TLPGP / ALGa / LMP / ALBI / CG78	
53.	entre dúas luces	LMP / CG78	
54.	entre luces	TLPGP / ALGa / CG78	
55.	entre luces de día	ALGa	
56.	entre lume e fusco / entre lume e fusque / entre lume fusco	ALGa / LMP / CG78	
57.	entre lumes / entre lumbres	CG78	
58.	entre lumes de día e noite	ALGa	
59.	entre lumes e días	ALGa	
60.	entre lume e fume / entre lumes e fumes	ALGa / CG78	
61.	entre lusco e fusco / entre frusque e fusque / entre fusco e fusco / entre fusque e fusco / entre fusque e fusque / entre fusco e lusco / entre lus e flus / entre lus e frus / entre lus e fus / entre lusca e fusca / entre luscas e fuscas / entre lusco fusco / entre lusque e frusque / entre lusque e fusco / entre lusque e fusque / entre lusque e fuste / entre luste e fuste / entre musco e fusco / entre o lusco e o fusco / entre rusque e fuste / entre trusque e fusque	TLPGP / ALGa / ALBI / CG78	
62.	entre luz de día e luz de noite	CG78	
63.	entre luz e luz	ALGa	
64.	entre si e non	CG78	
65.	entre ver e ver	CG78	
66.	entre ver e non ver	CG78	
67.	entre viche e non viche	CG78	
68.	escondese o sol	CG78	
69.	escurada	ALGa	
70.	escurecer / ascorecer / auscorecer / escorecer / escurecerse / oscorecer / oscurecer / oscurecerse / ouscorecer	TLPGP / ALGa / ALMA / ALBI / CG78	Substantivo
71.	escurecer / ascorecer / auscorecer / escorecer / escurecerse / oscorecer / oscurecer / oscurecerse / ouscorecer	TLPGP / ALGa / ALMA / ALBI / CG78	Verbo
72.	escurecer o día	TLPGP	
73.	escurecida / oscurecida	TLPGP / ALGa / CG78	
74.	escurecido / oscurecido	TLPGP / ALGa / CG78	
75.	escurrirse o sol	ALGa	
76.	espardecer	ALGa / CG78	
77.	estrelecer	DdD	

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
78.	facer escuro	ALGa	
79.	facerse de noite / facerse noite	TLPGP	
80.	faer sombra a nariz	ALGa	A expresión figura na nota 5 do mapa 8b do ALGa
81.	fresca	TLPGP	
82.	fusco	ALGa	
83.	fusco no fusco	CG78	
84.	fusco non fusco	ALGa	
85.	gardarse o sol	TLPGP / CG78	
86.	ir o sol baixo	CG78	
87.	ir posto o sol	LMP	
88.	irse o sol	ALGa	
89.	lusco	ALGa	
90.	luscofusco / fusco e fusco / lusco e fusco / lus fusca / lusque e fusco / lusquefusque / lusquefuxe / lustre e fustre / musco frusco / rusque e fusque / rusque e rustre	TLPGP / ALGa / LMP / CG78	
91.	lus con fus	LMP / CG78	
92.	luz con luz	ALGa	
93.	marchar o sol / marcharse o sol / marchar san Lourenzo	ALGa / CG78	A expresión <i>marchar san Lourenzo</i> recóllese na nota 6 do mapa 10c do ALGa.
94.	media tarde	CG78	
95.	medio prado media leira	ALGa	A expresión recóllese na nota 6 do mapa 8b do ALGa.
96.	meterse	LMP	
97.	meterse do sol	ALGa	
98.	meter o sol / meterse o sol / meterse el sol	TLPGP / ALGa / LMP / ALMA / CG78	
99.	meterse o sol no buraco / meterse o sol no burato	TLPGP / ALGa	A expresión <i>meterse o sol no burato</i> recóllese na nota 4 do mapa 7 do ALGa.
100.	metida do sol	TLPGP / ALGa / CG78	
101.	morrer o día	DFG	
102.	nebrafusco / noubra e fusco	ALGa / CG78	
103.	noite	ALGa / ALBI	
104.	noite cerrada / noite fechada / noite pechada / noite zarrada	ALGa / CG78	
105.	noite fecha / pecha	ALGa / CG78	
106.	noitiña / noitía	TLPGP / ALGa / LMP / ALBI / CG78	No LMP aparece transcrito como <i>moitiña</i> , pero entendemos que se trata dun erro de transcripción
107.	ocaso	TLPGP	
108.	pardear	ALGa	
109.	pasada do sol	TLPGP / CG78	
110.	pasar o sol	ALGa / CG78	
111.	pechos da noite	ALGa	

## A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego

	Denominación	Fonte	Observación
112.	poder máis a noite ca o día	ALGa	A expresión recóllese na nota 4 do mapa 8b do ALGa.
113.	poñente / poniente	TLPGP	
114.	poñerse o sol / pórse o sol / apoñerse o sol / aporse o sol / poerse el sol	TLPGP / ALGa / AMP / CG78	
115.	poñer do sol / pór do sol / apor do sol	ALGa / CG78	
116.	posta	ALGa	
117.	posta de sol / posta do sol	TLPGP / ALGa / CG78	
118.	postura	ALGa	
119.	postura de sol / postura do sol	TLPGP / ALGa / CG78	
120.	quedar a escuras	ALGa	
121.	recollerse o sol	ALGa	
122.	redor da noite	TLPGP	
123.	rubianos	ALBI	
124.	ser noite / ser a noite	TLPGP / ALGa / CG78	
125.	serán / sarao / serao / serau	TLPGP / ALGa / CG78	
126.	serán baixo	ALGa	
127.	seriña	ALGa	
128.	seriña da tarde	ALGa	
129.	serán da noite / serao da noite	ALGa	
130.	sol baixo	TLPGP	
131.	sol posto / sol aposto	ALGa / CG78	
132.	sonoite / senoite	DdD	
133.	tar a noite moi escura	ALGa	
134.	tarde	ALGa / ALBI	
135.	tardiña alta	CG78	
136.	tarde baixa / tardiña baixa	TLPGP / ALGa / CG78	
137.	tardiña / atardecina / tardía / tardecina / tardechiña / tardequía	TLPGP / ALGa / ALBI / CG78	
138.	tardita	ALGa	
139.	traspor o sol	ALGa	
140.	varrer o sol	ALGa / ALBI / CG78	
141.	vérselle as barbas ao sol	ALGa	A expresión figura na nota 4 do mapa 10b do ALGa.
142.	vexo non vexo	ALGa	
143.	viche non viche / viche non viches	ALGa	A expresión <i>viche non viches</i> figura na nota 3 do mapa 8b do ALGa.
144.	vir a noite	TLPGP / ALGa / CG78	
145.	vir da noite	ALGa	
146.	xunta da noite / xuntiña da noite	TLPGP / ALGa / CG78	
147.	zarra da noite	ALGa	